

PROXECTO

(Modalidade 5)

M^a Isaura Suárez Villar.

Curso 2009-2010

(2º cuatrimestre: marzo-xuño)

ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN.....	4
2- LISTADO DE MATERIAIS.....	6
3- ACTIVIDADES DE PRAXIAS LABIAIS E LINGUAIS.....	23
4- ACTIVIDADES DE SOPRO.....	26
5- ACTIVIDADES DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA.....	30
6- ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN INDUCIDA.....	33
6.1- FONEMA B.....	34
6.2- FONEMA D.....	36
6.3- FONEMA F.....	37
6.4- FONEMA G.....	38
6.5 FONEMA K.....	39
6.6- FONEMA L.....	41
6.7- FONEMA LL.....	42
6.8- FONEMA M.....	43
6.9- FONEMA N.....	44
6.10- FONEMA Ñ.....	45
6.11- FONEMA P.....	46
6.12- FONEMA R.....	47
6.13- FONEMA S.....	51
6.14- FONEMA T.....	52
6.15- FONEMA X.....	54
6.16- FONEMA Z.....	55

6.17- SINFÓNS BL E PL.....	56
6.18- SINFÓNS BR E PR.....	57
6.19- SINFÓNS CL E GL.....	58
6.20- SINFÓNS CR E GR.....	59
6.21- SINFÓNS DR E TR.....	60
6.22- SINFÓN FR.....	61
7- ACTIVIDADES DE LECTURA (RIMAS).....	62
7.1- FONEMA B.....	63
7.2- FONEMA D.....	65
7.3- FONEMA F.....	67
7.4- FONEMA G.....	69
7.5 FONEMA K.....	71
7.6- FONEMA L.....	73
7.7- FONEMA M.....	75
7.8- FONEMA N.....	77
7.9 - FONEMA Ñ.....	79
7.10- FONEMA P.....	81
7.12- FONEMA R SIMPLE.....	84
7.13- FONEMA R INVERSA.....	85
7.14- FONEME R VIBRANTE MÚLTIPLE.....	86
7.15- FONEMA S.....	88
7.16- FONEMA T.....	90
7.17- FONEMA X.....	92
7.18- FONEMA Z.....	94
7.19- SINFÓNS BL E PL.....	96
7.20- SINFÓNS BR E PR.....	98
7.21- SINFÓNS CL E GL.....	100
7.22- SINFÓNS CR E GR.....	101
7.23- SINFÓNS DR E TR.....	102
7.24- SINFÓN FR.....	103

8- ACTIVIDADES DE LECTURA (CONTOS).....	104
8.1- FONEMA B.....	107
8.2- FONEMA D.....	112
8.3- FONEMA F.....	116
8.4- FONEMA G.....	120
8.5- FONEMA k.....	124
8.6 FONEMA L.....	129
8.7- FONEMA LL.....	133
8.8- FONEMA M.....	136
8.9- FONEMA N.....	140
8.10- FONEMA Ñ.....	144
8.11- FONEMA P.....	148
8.12- FONEMA P SIMPLE.....	153
8.13- FONEMA R INVERSA.....	157
8.14- FONEMA R VIBRANTE MÚLTIPLE.....	161
8.15- FONEMA S.....	165
8.16- FONEMA T.....	168
8.17- FONEMA X.....	172
8.18- FONEMA Z.....	177
8.19- SINFÓNS BL E PL.....	180
8.20- SINFÓNS BR E PR.....	184
8.21- SINFÓNS CL E GL.....	188
8.22- SINFÓNS CR E GR.....	192
8.23- SINFÓNS DR E TR.....	197
8.24- SINFÓN FR.....	202

1- INTRODUCCIÓN:

O obxectivo deste traballo foi realizar un análise existentes actualmente para o tratamento das dislalias e levar a cabo novas actividades para contribuir a conseguir unha variedade cada vez maior, que permita aos profesionais de Audición e Linguaxe ofrecerlle aos nenos que deben tratar, unha intervención máis amena.

Unha vez realizada diíta análise, podemos comprobar que actualmente existen a disposición dos mestres unha gran cantidade de materiais para traballar todos os aspectos que se deben ter en conta tanto no referente a prevención como a corrección das dislalias.

Por este motivo, aínda que se ofrece un listado dos recursos máis interesantes que podemos atopar tanto en formato dixital como impreso, a maior parte do traballo centrouse na elaboración de materiais dirixidos a conseguir a automatización da correcta pronunciación de cada fonema a través da fala inducida e a lectura, en lingua galega, xa que practicamente todos os materiais atopados para traballar estes aspectos están en castelá.

O traballo está distribuído da seguinte maneira:

- En primeiro lugar aparece un listado dos materiais e recursos máis interesantes atopados para a prevención e o tratamento das dislalias.
- A continuación, un listado con actividades para exercitar as praxias dos órganos bucofonatorios.
- En terceiro lugar aparece un listado de actividades para traballar a respiración e o

sopro fonatorio.

- Seguidamente atopamos actividades dirixidas a favorecer a discriminación e percepción auditiva.

- En sexto lugar atopamos actividades de produción inducida para cada un dos fonemas consonánticos e sinfóns.

- A continuación ofrécense exercicios de lectura a través de pequenos poemas e rimas con cada un dos fonemas consoántico e os sinfóns.

- Por último, están os exercicios de lectura a través de contos. Todos os contos teñen unha temática común, que son as aventuras dunha pandilla de nenos que realizan actividades de detectives para os seus veciños e amigos.

**RELACIÓN
DE
MATERIAIS
E RECURSOS
EXISTENTES**

RECURSOS ATOPADOS NA REDE **(BLOGS E PÁXINAS WEB).**

En internet podemos atopar tanto páxinas web como blogs realizado por logopedas e mestres/as de audición e linguaxe que nos ofrecen enlaces a todo tipo de actividades, estos son os que nos ofrecen recursos máis interesantes.

1- EL BLOG DE L@S MAESTROS DE AUDICION Y LENGUAJE:

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/>

Que nos ofrece unha variada e interesante lista de enlaces a páxinas con materiais para o tratamento das dislalias. Entre os enlaces que aparecen, os máis interesantes son os seguintes:

MATERIALES PARA LA EVALUACIÓN E INTERVENCIÓN DE LAS DISLALIAS

<http://www.cpraviles.com/materiales/lea/html/mt.html>

Esta páxina ofrécenos:

- Un marco teórico das dislalias.
- Bibliografía sobre materiais existentes para o tratamento das dislalias.
- Probas de avaliación das dislalias:
 - Probas de articulación.

- Probas de discriminación auditiva- 3 anos.
- Probas de discriminación auditiva- 4 anos.
- Probas de discriminación auditiva- 5 anos.
- Probas de memoria secuencial auditiva.
- Probas de discriminación fonética.
- Programacións de sesións de traballo para cada un dos fonemas.
- Materiais imprimibles para a intervención en:
 - Praxias: con debuxos de “Los Lunis” e “Mafalda”.
 - Discriminación auditiva.
 - Debuxos.
 - Xogos e textos para a produción dos fonemas.
- Pautas para os pais.

ERAL: EJERCICIOS DE REPASO DE AUDICION Y LENGUAJE

<http://www.scribd.com/doc/32223293/Eral-ejercicios-Repaso-Audicion-y-Lenguaje-eugenia-Romero>

Ofrece actividades para tratar a discriminación auditiva, a respiración e o sopro, as praxis e a produción oral.

Actividades Fotocopiables Fonema Erre eugenia Romero

<http://www.scribd.com/doc/25339011/Actividades-Fotocopiables-Fonema-Erre-eugenia-Romero-Copia>

Ofrece algunhas actividades para o tratamento do fonema /r/.

ACTIVIDADES REFUERZO KAPPACISMO,

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/2009/11/actividades->

[refuerzo-fonema-k.html](#)

Ofrece

- Tarjetas de vocabulario con pictogramas en cor e branco e negro.
- Taboleiros para terapia miofuncional e repaso dos fonemas.
- Exercicios de completar oracións, a letra que falta, o intruso.

PRAXIAS EN POWER POINT

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/2008/12/praxias-con-powerpoint.html>

ofrece unha presentación power poíno para traballar as praxias labiais e linguais.

JUEGOS PARA TRABAJAR LAS PRAXIAS

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/2008/12/juegos-para-trabajar-las-praxias.html>

Inclúe:

- oca de praxias.
- loto de praxias.
- dado de praxias.

IMAGENES PRAXIAS

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/2008/12/imagenes-praxias.html>

Ofrece imaxes para traballar as praxias, están pensadas especialmente para traballar a estimulación da linguaxe en Educación Infantil.

PRAXIAS CON MODELO

<http://blogdelosmaestrosdeaudicionylenguaje.blogspot.com/2008/12/praxias-con-modelo.html>

Ofrécenos un material baseado en debuxos que o neno debe imitar a través da realización de praxis labiais e linguais.

2- INTERVENCIÓN EN LAS DISLALIAS

<http://www.gescolar.es/material/dislalias/>

Esta páxina ofrécenos actividades tanto para a intervención indirecta (respiración, sopro, praxias dos órganos bucofonatorios, discriminación) como para a intervención directa en cada un dos fonemas consoánticos da lingua castelá

3- ORIENTACIÓN ANDUJAR.

<http://orientacionandujar.wordpress.com/category/audicion-y-lenguaje/dislalias/>

Nesta páxina podemos atopar diversos e interesantes materiais e aplicacións de descarga gratuita, nos seguintes enlaces da páxina:

Audición y lenguaje; dislalias

<http://orientacionandujar.wordpress.com/2008/11/23/audicion-y-lenguaje-dislalias-2/>

- Aplicacións clic para traballar dislalias.

Materiales de Audición y Lenguaje; Dislalias (#2)

<http://orientacionandujar.wordpress.com/2008/11/01/materiales-de-audicion-y->

[lenguaje-dislalias-2/](#)

- Diversas actividades de intervención nos diferentes fonemas.

4- DISLALIAS Y TRASTORNOS FONOLÓGICOS PARA IMPRIMIR Y COLOREAR.

<http://www.dibujos-colorear.com/dislalias-y-transtornos-fonolgicos.html>

Nesta páxina atopamos algúns recursos interesantes en forma debuxos e fichas para imprimir, que nos servirán na avaliación e tratamento das dislalias. Nos seguintes enlaces da páxina:

PRUEBA DE REGISTRO FONOLÓGICO

<http://www.dibujos-colorear.com/prueba-de-registro-fonolgico.html>

REGISTRO FONOLÓGICO EN IMÁGENES

<http://www.dibujos-colorear.com/registro-fonologico-en-imagenes.html>

FONOLOTO SONORO FONOLÓGICO 2

<http://www.dibujos-colorear.com/fotoloto-sonoro-fonologico-2.html>

5- MATERIALES DE AyL:

<http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/materiales.htm>

Esta páxina ofrécenos diversas pro propostas de actividades e documentos nos

seguintes enlaces:

ACTIVIDADES

<http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/actividades.htm>

- Actividades prácticas para o tratamento da dislalia.
- Actividades e xogos para a estimulación da linguaxe oral.
- Contar sílabas.
- Exercicios de discriminación auditiva.
- Exercicios de praxis bucofonatorias.
- Exercicios de relaxación.
- Exercicios de respiración.
- Fichas de lectoescritura.
- Gráficos de reeducación respiratoria.
- Sopa de letras.

DOCUMENTOS PARA EL AULA DE A Y L.

http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/documentos_para_el_aula_de_ayl.htm

Inclúe diversos documentos que poden servir de apoio ao profesional da audición e a linguaxe:

- Alumnado que recibe tratamento logopédico.
- Control de contados trimestral.
- Desenvolvemento da linguaxe.
- Dinámica funcional dos órganos articulatorios.
- Entrevista familiar inicial.
- Avaliación logopédica.
- Ficha de identificación do alumno.
- Folla de control 1- grabacións.
- Folla de control 2- avaliación das dimensións da linguaxe.
- Folla de rexistro de sons e ruídos.

- Folla de rexistro de vocabulario.
- Folla de rexistro diario.
- Informe logopédico.
- Táboas para a análise da linguaxe oral.

AVALIACIÓN DA LINGUAXE.

http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/evaluacion_lenguaje.htm

Inclue os seguintes documentos para a avaliación da linguaxe:

- Respiración.
- Voz.
- Órganos bucofonatorios.
- Praxias bucofaciales.
- Fonética produtiva- denominación de palabras.
- Fonética reprodutiva- repetición de palabras.
- Ritmo e fluidez da fala.
- Percepción auditiva.
- Nivel comunicativo.

E as seguintes probas de avaliación (respectase o nome en castelá para facilitar a identificación das probas).

- Prueba de avaliación del fonema /r/ - /rr/ (con sinfonos)
- Prueba de avaliación del fonema // (con sinfonos).
- Examen logopédico de Articulación.
- Guía Portage del lenguaje.
- Test de vocabulario en imáxenes TEVE-R.
- Registro Fonológico Inducido.
- Prueba de Articulación de Fonemas (PAF).
- PLON 1.
- Prueba de Articulación.

- Prueba de Registro Fonológico y Fonético.

MATERIAL PRÁCTICO:

<http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/material.htm>

Presenta, entre otros materiais relacionados coa audición e a linguaxe, pro posthas de actividades para a estimulación da linguazo en Educación Infantil e indicacións prácticas para a elaboración de programas de atención temperá.

MATERIAL MANIPULATIVO:

http://usuarios.multimania.es/maestrosayl/material_manipulativo.htm

Aquí atopamos diversas actividades para levar a cabo cos nenos.

- Accións.
- Bancos de imaxes.
- Barallas por fonemas.
- Barallas semánticas.
- Categorías semánticas.
- Discriminación auditiva e fonética.
- Dominós.
- Fonodil.
- Láminas.
- Lotos.
- Material fonemas r- rr.
- Material sinfóns.
- Onomatopeias.
- Palabras.
- Frases.
- Praxias.

- Respiración e sopro.

6- PROGRAMA PARA LA PREVENCIÓN DE DISLALIAS EN EDUCACIÓN INFANTIL.

<http://www.cesdonbosco.com/revista/revistas/revista%20ed%20futuro/REVISTA%2018/MATERIALES/11-Nerea%20Azpitarte-Programa%20de%20prevenci%C3%B3n%20dislalias.pdf>

Trátase dun programa elaborado por unha mestra de Audición e Linguaxe en colaboración co profesorado de Educación Infantil do seu centro. Aquí podemos atopar actividades imprimibles para traballar a estimulación da linguaxe e a prevención de dislalias.

En concreto atopamos:

- Varios contos interactivos para traballar as bases funcionais da fala (sopro, praxias, respiración, ...) e a expresividade.
- Xogos de linguazo e praxias.
- Actividades de respiración.
- Exercicios de relaxación.
- Cancións e xogos de audición.
- Adiviñas.
- Láminas de praxias.

MATERIAIS EN FORMATO IMPRESO:

Terapia Miofuncional. Praxias lingüales.

Autoría: Rocío Monge Díez

Editorial: Isep. intervención. Publicaciones del Instituto Superior de Estudios Psicológicos

Año: 1999.

A través das aventuras da “Señora Lingua”trabállanse:

- Vivenciación do punto de articulación.
- Ejercicios do punto de articulación.
- Praxias linguais.

La dislalia. Naturaleza, diagnóstico y rehabilitación

Autoría: Pilar Pascual García

Editorial: CEPE.

Neste libro atopamos unha serie de probas para detectar a causa de cada dislalia. É

un material práctico de rehabilitación. Ofrece ademais unha programación xeral do traballo.

Fichas de recuperación de dislalias

Autoría: Antonio Valles Arandiga

Editorial: CEPE.

Ofrece un conxunto de láminas que constitúen un material de apoio para traballar con cada fonema, a respiración, a colocación dos órganos bucofonatorios, lectura e escritura de sílabas e palabras. Está dirixido a nenos de 5 a 8 anos.

Educación e reeducación da fala con contos

Autoría: Ángel Suárez, Juan Manuel Moreno, María Elena García

Baamonde

Editorial: CCS

A través de contos interactivos introdúcense unha serie de exercicios para lograr a correcta articulación.

Juegos con fonemas 1. Juego de la Oca. Juego de adivinanzas.

Autoría: Paloma Acero Villán, M^a Jesús Gomis Cañete

Editorial: CEPE

Este material pode ser usado tanto polos profesionais da rehabilitación da fala (logopedas ou mestres de audición e linguaxe), como polas familias como forma de apoio ao tratamento. Pódense facer distintas modalidades de xogo: Ocaa, Xogo de Adiviñas, ...

Juegos con fonemas 2. Juego de Buzón.

Autoría: Paloma Acero Villán, M^a Jesús Gomis Cañete

Editorial: CEPE

Empregase ao igual que o anterior para facilitar a integración dos fonemas tratados na linguaxe espontánea.

CICERÓN: Programa para la adquisición y desarrollo de la capacidad articulatoria

Autoría: M^a Paz Seivane Cobo

Editorial: CEPE

Este material pretende traballar todos os aspectos para lograr o correcto dominio de cada fonema e grupo consonántico da lingua castelá.

“Erre que erre”. Ejercicios para pronunciar la rr/r

Autoría: M^a José Berdejo Benedi y Francisca Bach Alemany

Editorial: Lebón

Ofrece exercicios preparatorios, de corrección, de automatización, etc, a través de exercicios con debuxos, palabras, frases, poesías,...

Prevención de las dislalias

Autoría: M^a Teresa Carrió Rovira

Rosa Martí Barber

M^a Teresa Martí Martí

Editorial: Marfil

Este material está dirixido á estimulación da linguaxe e prevención de dislalias con todo o grupo na etapa de Educación Infantil. Este material tamén pode ser usado para a corrección das dislalias noutras etapas.

Integración de fonemas en el lenguaje espontáneo

Autoría: Paloma Acero y Elena Valero

Editorial: CEPE

Consta dun conxunto de láminas con diferentes escenas, cada unha para traballar un fonema

Aprendo a pronunciar la Erre

Autoría: M. Carmen Bragado Felices

Editorial: Escuela Española

É un material dirixido a conseguir a correcta articulación do fonema /r/. Neste material atopamos exercicios de exploración da linguaxe, exercicios de relaxación, respiración, sopro, motricidade bucal, repetición, automatización e afianzamento. A través de lámminas, debuxos, sílabas, palabras, frases, trátase de lograr a articulación do fonema /r/.

PROBAS DE AVALIACIÓN

PRUEBA DEL LENGUAJE ORAL NAVARRA (REVISADA).

G. Aguinaga , M. L. , Armenticia, Fraile , Alangua y Uriz.

É proba para a detección fácil e rápida de alumnos que presenten risco de desenvolver dificultades da llinguaxe en nenos de 3 a 6 anos.

PAF: evaluación de dislalias. Prueba de articulación de fonemas

Autoría: Antonio Valles Arandiga

Editorial: CEPE

A proba consta dun libro guía, cadernos de aplicación e recollida de datos. Moi estruturado e sinxelo. Non ofrece baremos.

Exploración del lenguaje expresivo y comprensivo.

M.José López Ginés y otros.

Editorial: CEPE

Esta proba aporta unha visión global do nivel lingüístico do neno, destacando os aspectos nos que presenta dificultades.

A proba ELCE ofrece dous grupos de técnicas exploratorias: as de comprensión e as de expresión. Está dirixida a nenos de 2 a 9 anos.

Test de vocabulario en imágenes. PEABODY

Dunn / Arribas.

Contén 192 láminas con catro debuxos, entre os que o neno debe elixir o que mellor representa o significado da palabra dada polo examinador. Dirixida a nenos de 2 a 9 anos.

I.T.P.A (Test illinois de Aptitudes Psicolingüísticas).

Samuel Kirk, James Mccarthy y otros.

O obxectivo desta proba é detectar as dificultades no proceso de comunicación que son causa da maioría dos problemas de aprendizaxe escolar. De maneira complementaria intenta por de manifesto as habilidades que poidan servir de apoio a un programa de recuperación.

PROGRAMAS INFORMÁTICOS:

PROGRAMA METAVOX, de Joaquín Galiana Sanchís, Gaspar González Rus e Andreu Sauca i Balart.

Trátase dun programa creado para o tratamento das dificultades articulatorias. O programa Metavox preséntase como unha fermenta na intervención con persoas que descoñecen os movementos articulatorios dos fonemas da lingua española. Trátase dunha axuda para o entramento de persoas con problemas articulatorios e/ou perceptivos dos fonemas. No primeiro caso a axuda consiste na correcta visualización con apoio auditivo do proceso que leva a consecución da correcta articulación do fonema. No segundo caso facilita a integración correcta dos sons da lingua a través da correcta articulación.

PROGRAMA HAMLET (diferenciadores de sonidos), de Aquari-soft

Traballa a selección de imaxes a partir de dous sons contrapozos.

FONOSPAIN

Ofrece unha visualización dos órganos bucofonatorios.

SILABARIO, de Reinaldo Carrascosa (Creena)

Presenta actividades escritas de percepción visual e auditiva da oposición de dúas consoantes, por exemplo: b-d, bla-bal, pero desde o punto de vista do acceso á comunicación escrita.

TRABADAS, de Manuel Verdugo

Presenta actividades para traballar as trabadas e ademais incorpora información en PDF para expoñer os ditados que se presentan.

GRUPOS CONSONÁNTICOS, de Miriam Castillo

Ofrece actividades para traballar os sinfóns.

LOS SINFONES, de Julia Mielgo e Marisol Moreno

Incorpora a imaxe visual das dúas consoantes do sinfón.

INTERVENCIÓN, de M. C, Bellot Granero e M, Calatayud Benito.

Ofrece actividades para o afianzamiento do fonema /r/ simple e vibrante a nivel gráfico ou no mesmo programa.

SPEECH VIEWER III

Ofrece unha imaxe auditiva contrastada coa emisión do propio neno. A través das actividades trátase de efectuar unha aproximación do fonema falado ao modelo.

FONO, do G.T. de Logopedas de Tafalla (Creena).

Propón actividades para facilitar o coñecemento da segmentación fónnica.

LOGOPEDIA INTERACTIVA,

Propón actividades de recoñecemento dunha mesma sílaba en dúas palabras.

EXERCICIOS DE PRAXIAS

LABIAIS

E

LINGUAIS

EXERCICIOS DE LABIOS E LINGUA:

Exercicios de labios:

- Coa boca pechada apretar e afloxar os labios.
- Mover os labios coma un peixe.
- Sorrir sen abrir a boca, estirando os labios o máximo que poida.
- Morder o labio inferior cos dentes superiores e alternativamente os labios superiores cos labios inferiores.
- Transportar obxectos lixeiros cos labios inferiores e entre os labios inferiores e os superiores.
- Pronunciar de forma rápida e repetida pa-pe-pi-po-pu.
- Seguir instrucións de contos interactivos inventados polo mestre/a nas que tena

que facer exercicios labiais (p. ex: imitar peixes, coellos, pallasos, ...).

- Imitar motos facendo vibrar os labios.
- Alargar o labio inferior por enriba do superior e viceversa.
- Lanzar bicos.
- Comer chicle.
- Mover a mandíbula inferior de dereita a esquerda.
- Mover a mandíbula inferior cara diante como se abriera e pechara un caixón.
- colocar un depresor entre os labios e facer forza para evitar que o mestre/a lle quite o depresor.
- Manter pechados os labios mentres a lingua empuxa para saír.
- Colocar o lapis sobre o labio superior coma se fora un bigote.
- Xuntar os labios e imitar un elefante subíndoos cara o nariz.

Exercicios de lingua:

- Sacar a lingua o máximo posible, mantela uns segundos e volver a metela na boca.
- Sacar a lingua sin abrir a boca de maneira que so se vexa a punta.
- Sacar a lingua e movela verticalmente intentando chegar á punta do nariz e ao mentón.
- Sacar a lingua e movela horizontalmente dunha comisura labial á outra, facelo aumentando a velocidade progresivamente.
- Mover a lingua fora da boca tratando de facer círculos con ela.
- Sacar e meter a lingua na boca de maneira cada vez máis rápida.
- Levar a lingua ao padal e ao chan da boca de maneira alternativa.

- Levar a lingua dunha meixela a outra (dentro da boca).
- Simular que a lingua e un caramelo que está chupando.
- Levar a lingua desde a parte de diante do padal (alvéolos) cara atrás e viceversa.
- Chasquear a lingua contra o padal.
- Vibrar a lingua contra o padal simulando un taladro.
- Percorrer coa lingua a parte exterior e inferior dos dentes superiores e inferiores (coma se estivese limpando a súa casiña).
- Sacar a lingua entre os labios e facela vibrar.
- A través de contos interactivos seguir as instrucións que implicarán diferentes exercicios coa lingua (comer xeadado, saír fora da casiña para ver se chove, ...).
- Dobrar a lingua cara atrás e cara arriba.
- Tratar de dobrar a lingua horizontalmente.
- Soster un chicle contra o padal (coa lingua) coa boca aberta e sorrindo.

EXERCICIOS

DE SOPRO.

XOGOS DE SOPRO:

1- A ver quen infla máis globos nun minuto:

Os participantes deberán inflar todos os globos que poidan durante un minuto (ou o tempo que cada mestre considere). O mestre ensinaralles unha mostra do tamaño mínimo que debe alcanzar cada globo para que sexa válido.

2- Manter un globo no aire coa soa acción do sopro.

Daráselle un globo a cada un (mellor cada un de diferente cor). Os nenos deben manter as mans detrás da espalda e manter o seu globo no aire usando soamente

o sopro.

3- Meter goles cos globos.

Marcarase unha portería e os nenos deben marcar goles soprándolle aos globos. Pódese lle poñer un número máximo de sopros para marcar cada gol.

4- Facer pompas de xabón e mantelas no aire.

Se son varios participantes, pódense ir turnando, mentras uns fan as pompas outros encárganse de mantelas no aire e viceversa.

5- Carreiras de coches de algodón.

Márcaselle a cada neno unha carretera pola que, usando o sopro, debe ir dirixindo unha bóla de algodón. Cada vez que a bóla se saia da pista será unha penalización, cando cometa tres deberá volver a comezar na saída. Esta carreira tamén se pode facer con anaquiños de papel ou con bólas de plástico, segundo a dificultade que se lle queira poñer.

6- Marcar penaltis con pelotas de algodón, papel, bólas de plástico.

Debúxase unha portería e os nenos soprando desde unha distancia marcada deben marcar goles.

7- Carreiras de algodón, papel, pelotas de plástico,... con palliñas.

Trátase de chegar de primeiro a unha meta marcada, pero en vez de soprar directamente ao algodón, papel, bóla de plástico, etc, deben soprar a través dunha palliña.

8- Despeinar a boneca.

Dánselle aos nenos bonecos que teñan pelo facilmente movable. Trátase de soprar no pelo da boneca e gaña o que a deixe máis despeinada.

9- Apagar velas.

Trátase de apagar velas desde unha distancia cada vez máis grande, ata chegar ata un punto onde xa non sexa capaz.

10- Facer bailar a chama dunha vela.

Os nenos deben soprar para que a chama da vela se mova pero sin chegar a apagala. Se a chama se apaga será unha penalización.

11- Adiviña o que hai detrás da cortina.

Faise unha especie de cortina cun folio cortado (sen chegar ao tope) en tiriñas verticais. Colócase un obxecto detrás e, o neno debe soprar o papel para movelo e poder ver o que hai detrás.

12- Tocar o silbato para dirixir ao outro.

Un neno fará de robot e o outro terá que dirixilo con toques de silbato. Un toque será un paso ao fronte, dous toques un paso a dereita e tres toques un paso a esquerda. Con estas pautas o neno deberá dirixir ao compañeiro ata a meta proposta.

13- Silbar cancións.

Trátase de aprender e silbar a melodía de diferentes cancións que sexan sinxelas.

14- matasogras.

O neno deberá estirallo de todo, ata a metade, mantelo estirado durante un tempo, dar silbidos curtos, etc, según lle indique o mestre.

15- aprender melodías coa fruta.

Pódese exercitar o control do sopro aprendendo a tocar sinxelas melodías cunha fruta.

16- tocar a harmónica.

17- soplar bolas dunha casilla a outra.

Esta actividade pódese realizar cunha oveira e unha pelotiña de plástico. Soplando a pelota debe ir pasándoa dunha casiña a outra da oveira, pódese marcar unha casiña como saída e outra como meta.

18- Facer burbullas na auga.

Ponse auga nun recipiente e os nenos soprando por unha palliña deben facer burbullas tan grandes como sexan capaz.

19- Soplar seguindo as instrucións dun conto.

A través de contos tipo “Os tres porquiños” ou outros inventados pola mestra/e pódense facer actividades interactivas de maneira que o neno tena que soplar (imitar cabalos, lobo soprando a casa dos porquiños, vento forte, suave, ...).

20- Facer figuras de sal

Cun puñado de sal estendido, os nenos soprando con coidado e despacio deben tratar de facer figuras de sal.

EXERCICIOS DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA

EXERCICIOS DE DISCRIMINACIÓN AUDITIVA:

- Cos ollos pechados debe adiviñar onde se produce un son: detrás, diante, cerca, dereita, ...

- Cos ollos pechados identificar todos os sons do ambiente que escoita (pasos, falar, abrir portas,).
- Facer diferentes debuxos dependendo de se escoita un son grave ou agudo (por exemplo raia se é grave e círculo se é agudo).
- Cos ollos pechados escoitará un sonido que producirá o mestre cun obxecto ou instrumenteado, despois debe abrílos e adiviñar con que se produciu o son.
- De espaldas ou cos ollos pechados escoitará varios instrumentos, debe dar unha palmada cando escoite o obxecto ou instrumento pactado (p. ex. Cando escoite a fruta).
- Escoitará varios instrumentos e debe indicar en que orde se tocaron.
- Facer raias longas ou curtas en función de se escoita un son curto ou longo.
- Escoitará varias palabras e debe dar unha palmada cada vez que escoite unha co son pactado (r, p, t, ...).
- Escoitará palabras pero só dará unha palmada se escoita unha que comece coa letra pactada.
- Escoitará varias palabras e dará unha palmada se escoita unha que leve o son pactado no medio.
- Escoitará sílabas cunha mesma consoante (ex: me ma mo mu mi), deberá dar unha palmada se no medio escoita algunha sílaba con outra consoante (por ex pi).
- Escoitará varias palabras e debe dar tantas palmadas como palabras escoitou.

- Repetir listas de palabras na mesma orde que as escoitou.

- escoitar cancións sinxelas e tararear a melodía.

- escoitar cancións sinxelas e aprender o estribillo.

- escoitar frases e asocialas con debuxos ou láminas (p. ex. O can estaba comendo o seu óso, deberá sinalar a escena na que o can come un óso).

EXERCICIOS DE PRODUCCIÓN INDUCIDA

B/V

COMPLETA CON PALABRAS QUE COMECEN POR B/V:

Teño sede, dame de ... (beber).

Polo mar navegan os ... (barcos).

Para que non se manche o bebé ao comer póñolle un ... (babeiro).

Peitéome no cuarto de ... (baño).

O rei de copas é unha carta da ... (baralla).

Papá Noel ten bigote e máis (barba).

Comín moito e dóeme a ... (barriga).

Está coxo por eso usa un ... (bastón).

O lugar onde collemos libros para levar é a ... (biblioteca).

Para ir a praia teño que poñer un ... (bañador/biquini).

Non bebas da botella, colle un ... (vaso).

A avoa de Carapuchiña vivía no ... (bosque).

Os dentes están dentro da ... (boca).

Borro o encerado co ... (borrador).

O contrario de feo é ... (bonito).

Non se encende a luz porque se fundiu a ... (bombilla).

Para non ter frío no pescozo poño unha ... (bufanda).

A vasoira serve para ... (varrer).

A herba é de cor ... (verde).

Fai calor, abre a (ventá).

B/V

COMPLETA CON PALABRAS CON B/V INTERMEDIA

Para espantar as moscas, a vaca dalle co ... (rabo).
A máquina que serve para lavar a roupa é a ... (lavadora).
A roupa está sucia, haina que ... (lavar).
As vacas comen ... (herba).
Estate quieto, non te ... (movas).
Despois do oito ven o número ... (nove).
Levo o paraguas por se ... (chove).
Abro a porta coa ... (chave).
O paxaro fixo o niño na póla dunha ... (árbore).
O que comeu a avó de Carapuchiña foi o ... (lobo).
Podes pasar, a porta está ... (aberta).
As galiñas poñen ... (ovos).
Non sei se me serve ese pantalón, téño que ... (probar).
O cabaleiro ía montado no seu ... (cabalo).
Os extraterrestres chegaron á terra na súa ... (nave).
Na clase de plástica fago ... (debuxos).
Cando ten fame os bebés toman o ... (biberón).
A estación na que fai máis frío é o (inverno).
As escaleiras son para baixar e ... (subir).
A estación na que florecen as plantas é a ... (primaveira).

D

COMPLETA CON PALABRAS QUE COMECEN CON D:

Para xogar ao parchís teño que tirar o ... (dado).
O nadal celébrase no mes de ... (decembro).
Despois do sábado ven o ... (domingo).
Na man teño cinco ... (dedos).
Para non me pinchar cosendo poño no dedo un ... (dedal).
Na boca teño as moas e os ... (dentes).
Se me doen os dentes teño que ir ao ... (dentista).
Nunca se acorda de nada é moi ... (despistado).
Custoume moito facer a conta, era moi ... (difícil).
Na clase de plástica fixen un ... (debuxo).
Despois do un ven o número ... (dous).
En cada pé teño cinco ... (dedas).
Tirou o dardo e acertou no centro da ... (diana).
Cantos ovos hai nunha ducia? ... (doce).
A primeira comida do día é o ... (desaiuno).
Cando acaba a noite comeza o ... (día).
O azucre ten sabor ... (doce).
O xenio concedeume tres ... (desexos).
Ata as zapatillas que as tes ... (desatadas).
Para espertar pola mañá poño o ... (despertador).

F

COMPLETA CON PALABRAS CON F:

Coa cámara saco ... (fotos)
Quero comer, teño ... (fame).
Vexo a tele sentada no ... (sofá).
Na cafetera non hai ... (café).
Coso coa agulla e o ... (fío)
Poño o abrigo porque vai ... (frío).
As peras e as mazás son ... (froitas).
Pola chiminea sae ... (fume).
Chameite por ... (teléfono).
Puxen o termómetro para ver se tiña ... (fiebre).
O lapis non ten punta téño que ... (afiar).
A saia está enrugada, téñolle que pasar o ... (ferro).
Teño frío na gorxa, vou poñer a ... (bufanda).
O contrario de bonito é ... (feo).
O animal que ten trompa é o ... (elefante).
Polo celebrar o aniversario vai facer unha ... (festa).
O contrario de fácil é ... (difícil).
Usa a maquinilla para se ... (afeitar).
Antes de entrar na casa limpo os pés no ... (felpudo).
Para mercar menciñas vou á ... (farmacia).

G

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN G:

Se teño sede bebo ... (auga).

Non traballa nada, é moi ... (vago).

O tren ten unha locomotora e moitos ... (vagóns).

Deixei a luz encendida, téñoa que ... (apagar).

É colorada e esta dentro da boca, é a ... (lingua).

Parece que chove, colle o ... (paraugas).

Se fai frío poño o ... (abrigo).

Cando choro, dos ollos caenme ... (bágoas).

No medio da barriga temos o ... (embigo).

Comín moito e dóeme a ... (barriga).

Os nenos que xogan conmigo son os meus ... (amigos).

Os reis tráenme moitos ... (agasallos).

Melchor, Gaspar e Baltasar son os Reis ... (Magos).

A chaqueta caeu da percha téñoa que volver a ... (colgar).

O dedo máis gordo da man é o ... (pulgar).

Despois do sábado ven o ... (domingo).

As persoas que fan maxia son os .. (magos).

A froita da figueira é o ... (figo).

Fago unha ensalada con tomate e ... (leituga).

Para coser necesito fío e unha ... (agulla).

C/K

COMPLETA CON PALABRAS QUE COMECEN CO SON K:

Saco fotos coa ... (cámara).
Durmo na ... (cama).
Para aprender vou ao ... (colexio).
Despois do tres ven o número ... (catro)
A princesa vivía no ... (castelo).
Mamá cóntame un ... (conto)
O animal que ladra é o ... (can).
Poño un selo para enviar unha ... (carta)
Temos os ollos na ... (cara/cabeza).
Para comprar cousas temos que ter ... (cartos).
O cantante canta unha ... (canción).
Na cociña faise a ... (comida).
A agulla serve para ... (coser).
Teño fame, quero ... (comer).
Non te achegues ao lume que te ... (queimas).
Como a sopa coa ... (culler).
Nos pes poñemos os zapatos e os ... (calcetíns).
O cabalero vai montado nun ... (cabalo).
Ese señor non ten pelo, está ... (calvo).
O lobo feroz enganou a ... (Carapuchiña).

K

COMPLETA CUNHA PALABRA CON SON K INTERMEDIO:

Cando estou enfermo vou ao ... (médico).
Os mariñeiros van polo mar nun (barco).
A neve é de cor ... (branca).
O animal que fai oinc oinc é o ... (porco)
Despois do número catro ven o ... (cinco).
A lingua está dentro da ... (boca).
Para cortar o pelo imos á ... (perruquería).
Xogo a peinar a miña ... (boneca).
Uso a toalla para ... (secarme).
Despois da clase saímos ao ... (recreo).
Ten moitos cartos, é moi ... (rico).
Fun ao cine a ver unha ... (película).
Despois do martes ven o (mércores).
Mamá seca o pelo co ... (secador).
O contrario de grande é ... (pequeno).

L

COMPLETA CON PALABRAS QUE COMECEN POR L:

De día sae o sal e de noite sae a: ... (lúa).
Vai moi amodo, é moi ... (lento).
Non se ve nada, vou acender a ... (luz).
Hai que traer leña para acender o ... (lume).
A roupa está sucia, haina que ... (lavar).
A máquina que lava a roupa é a ... (lavadora).
As vacas dan ... (leite).
A casa está sucia, haina que ... (limpar).
Os que rouban son os ... (ladrons).
O mellor telo que borrar, escribe co ... (lapis).
Collín un libro para ... (ler).
Fago unha ensalada con tomate e ... (leituga).
O tren ten moitos vagóns e unha ... (locomotora).
O animal que repite todo é o ... (loro).
Pola noite deitome e pola mañá ... (levántome).
O limoeiro dá ... (limóns).
O primeiro día da semana é o ... (luns).
A laranxeira dá ... (laranxas).
Escribo na ... (libreta).
Os libros cómpranse na ... (libraría)

LL

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN LL:

- Traballa no circo e fainos rir ... (pallaso).
- Pola mañá tomo leite con ... (galletas).
- Ao saír do baño sécome coa ... (toalla).
- Con ovos e patacas fago unha ... (tortilla).
- O contrario de novo é ... (vello).
- Poño os pendientes nas ... (orellas).
- Ao final dos dedos teño as ... (unllas).
- As tellas colócanse no ... (tellado).
- O palleiro está feito de ... (palla).
- A luz non encende porque se fundiu a ... (bombilla).
- Para que saia auga tes que abrir a ... (billa).
- Con pan e chourizo fixen un ... (bocadillo).
- Para estar cómoda quitei os zapatos e puxen as ... (zapatillas).
- Para peitearme mírome no ... (espello).
- A mamá deulle a merenda ao seu ... (fillo).
- Para lavar os dentes necesito a pasta e o ... (cepillo).
- Para ver uso os ... (ollos).
- O lobo quería comer a Carapuchiña ... (Vermella).
- Para coselo necesito fío e unha ... (agulla).
- A mamá do coelliño e unha ... (coella).

M

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN M:

- Depois do luns ven o ... (martes).
- Depois do martes ven o ... (mércores).
- Eu durmo nunha ... (cama).
- É hora de comer, hai que poñer a ... (mesa).
- Antes de comer tes que lavar as ... (mans).
- A maceira dá ... (mazás).
- Fago contas na clase de ... (matemáticas).
- Se estou enfermo vou ao ... (médico).
- O contrario de bo é ... (malo).
- Para borrar uso a ... (goma).
- Pola chimenea saía o ... (fume).
- Durmo pola noite e érgome pola ... (mañá).
- Os peixes viven no ... (mar).
- Depois do sábado ven o ... (domingo).
- Ao saír da clase gardo as miñas cousas na ... (mochila).
- As abellas fabrican ... (mel).
- O contrario de rubio é ... (moreno).
- No recreo como a miña ... (merenda).
- Saímos dentro de cinco ... (minutos).
- O contrario de pouco é ... (moito).

N

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN N:

Os tenistas xogan ao ... (tenis)
Pecho a ventá e baixo a ... (persiana).
Despois do oito ven o número ... (nove).
O un e o tres son ... (números).
O luns é o primeiro día da ... (semana).
Para ulir usamos o ... (nariz).
Para camiñar usamos as ... (pernas).
Ti tes (6/7/8...) ... (anos).
Eu chamo por ... (teléfono).
Pola mañá tomo colacao para ... (desaiunar).
Sete días fan unha ... (semana).
O coche toca a ... (bucina).
O contrario de vello é ... (novo).
Durmo pola ... (noite).
Eu non son rubia, son ... (morena).
A cor máis escura de todas e a ... (negra).
Na tele pusieron debuxos ... (animados).
É de cor branca e está moi fría, é a ... (neve).
Vou durmir porque teño moito ... (sono).
O nogal dá ... (noces).

Ñ

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN Ñ:

- Lavo os dentes no cuarto de ... (baño).
- No bar había unha botella de ... (viño).
- Do piñeiro caeu unha ... (piña).
- O fillo da ovella é o ... (año).
- Puxeron catro ovos as ... (galiñas).
- As galiñas viven no ... (galiñeiro).
- O reloxo era caro, custaba moito ... (diñeiro).
- Esta noite tiven un ... (soño).
- A comida faise na ... (cociña).
- Os paxaros dormen nos seus ... (niños).
- Déitome pola noite e levántome pola ... (mañá).
- Para que o lume arda ten que ter ... (leña).
- Para ir a praia poño o ... (bañador).
- O que chegue primeiro será o ... (gañador).
- O froito do castiñeiro son as ... (castañas).
- Despois de maio ven ... (xuño).
- Os coruñeses viven na ... (Coruña).
- Por San Xoan ásanse ... (sardiñas).
- A árbore que dá castañas é o ... (castiñeiro).
- O can ladra e o gato ... (miaña).

P

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN P:

- Como chove!, a ver se cambia o ...(tempo).
- Nos pés ademais dos calcetíns poño os ... (zapatos).
- Para peitearme mírome no ... (espello).
- Os zapatos están rotos, vounos levar ao ... (zapateiro).
- Poño chandal e zapatillas para facer ... (deporte).
- para debuxar uso o ... (lapis).
- Gardo a ficha na ... (carpeta).
- O señor tomaba viño nunha ... (copa).
- Despois de bañarme visto a ... (roupa).
- Estou falando eu, non me ... (interrumpas).
- Que ben che queda esa roupa, estás moi ... (guapa/o).
- Lavo a cabeza con auga e ... (champú).
- lavo os dentes co meu ... (cepillo).
- Os labradores traballan no ... (campo).
- A hora da misa soa a ... (campá).
- Arrastrándose polo chan ía unha ... (serpe).
- Ese partido vaino gañar o meu ... (equipo).
- Aínda non te podes bañar, tes que ... (esperar).
- Os españois viven en ... (España).
- Lavo a roupa para que estea ... (limpa).

R

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN R.

Teño dous ollos na ... (cara).
Levo os pendentos nas ... (orellas).
O día que ven despois do martes é o ... (mércores).
Este estoxo custa un ... (euro).
Este pan é de onte, está moi ... (duro).
Teño unha pulsera de ... (ouro).
Carapuchiña atopouse co lobo ... (feroz).
O paxaro que repite o que di a xente é o ... (loro).
O sal está no ... (saleiro).
O macho da vaca é o ... (touro).
Os coruñeses viven na ... (Coruña).
Os ourensáns viven en ... (Ourense).
Custa moitos cartos, é moi ... (caro).
Custa poucos cartos, é moi ... (barato).
O que di a misa é o ... (cura).
Vai chover, leva o ... (paraugas).
Vou á praia no ... (verán).
Para ulir usamos o ... (nariz).
Os limóns son de cor ... (amarela).
Para varrer usamos a ... (vasoira).

R

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN R (INVERSA):

- Depois do luns ven o ... (martes)
- Depois do martes ven o ... (mércores).
- As vacas comen ... (herba).
- A herba é de cor ... (verde).
- O paxaro fixo o niño na pola dunha ... (árbore).
- Como o bistec con coitelo e ... (garfo).
- Depois do número trece ven o ... (catorce).
- A cama é para ... (durmir).
- O cartero trouxo unha ... (carta).
- Apura, que vas chegar ... (tarde).
- Os pantalóns póñense nas ... (pernas).
- O que trae as cartas é o ... (carteiro).
- Para mercar cousas necesitamos os ... (cartos).
- Gardo os cartos na ... (carteira).
- Na clase de informática traballamos co ... (ordenador).
- Uso a goma para ... (borrar).
- Vimos pallasos e trapecistas no ... (circo).
- Para entrar tes que abrir a ... (porta).
- Aquí tes o libro que querias ... (ler).
- A mediodía imos ao comedor a ... (comer).

RR

COMPLETA CUNHA PALABRA QUE COMECE POR R.

- Aos gatos gústalles cazar ... (ratos).
- O xarrón caeu e ... (rompeu).
- A vaca espanta as moscas co ... (rabo).
- Pinteí o porco de cor ... (rosa).
- Para xogar ao tenis necesito unha ... (raqueta).
- Miro a hora no meu ... (reloxo).
- Teño que facer unha suma e unha ... (resta).
- O ladrón entrou no banco a ... (roubar).
- Se me fas cóxegas dame a ... (risa).
- Ten moitos cartos, é moi ... (rico).
- O coche ten catro ... (rodas).
- Para celebrar a comunión fomos comer a un ... (restaurante).
- Ai, o xersei non está do dereito, está do ... (revés).
- Repasou o debuxo co ... (rotulador).
- Pesquei troitas no ... (río).
- O pai do príncipe é o ... (rei).
- O dado é cuadrado e a pelota é ... (redonda).
- A lavadora serve para lavar a ... (roupa).
- Escoitei un programa na ... (radio).
- Saíume mal o debuxo, téño que ... (repetir).

RR

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN R NO MEDIO.

- A vasoira serve para ... (varrer).
- A goma é para ... (varrer).
- Os coches van pola ... (carretera).
- Tiña frío na cabeza e puxen un ... (gorro).
- A planta ten as raíces debaixo da ... (terra).
- Serrou o troncou cunha ... (serra).
- Oh, o xeado coa calor ... (derreteuse).
- Despois do xoves ven o ... (venres).
- Na feira tomamos chocolate con ... (churros).
- Non puiden entrar porque a porta estaba ... (cerrada).
- Na torradora fixen dúas ... (torradas).
- Puxen as flores nun ... (xarrón).
- O xarrón está feito de ... (barro).
- Comprei pan, unha bola e dúas ... (barras).
- Ten o pelo vermello, é ... (pelirroxo).

S

COMPLETA CUNHA PALABRA CON S:

Meto a carta nun ... (sobre).
Eu vivo nunha ... (casa/piso).
No circo fanme rir os ... (pallasos).
Despois do cinco ven o número ... (seis)
O león vive na ... (selva).
Para enviar a carta ponlle un ... (selo).
Despois do seis ven o número ... (sete).
Despois de comer hai que recoller a ... (mesa).
Na igrexa os domingos hai ... (misa)
Se a sopa está sosa hai que botarlle máis ... (sal).
Vexo a tele sentada no ... (sofá/silla/sillón).
Uso a toalla para ... (secarme).
Por debaixo do xersei levo unha (camiseta/camisa).
Despois do venres ven o ... (sábado).
Sete días son unha ... (semana).
O ano ten doce ... (meses).
Bebo auga nun ... (vaso).
Se nos dá o sol baixamos a ... (persiana).
Os Reis Magos son Melchor, Gaspar e ... (Baltasar).
As caderas son para ... (sentar).

T

COMPLETA CON PALABRAS QUE EMPECEN POR T:

Tomo o colacao nunha ... (taza).
Para mercar roupa imos á ... (tenda).
Avariouseme o coche, téño que levar ao ... (taller).
Se non apuras vas chegar ... (tarde).
Coa raqueta xogo ao ... (tenis).
Para medir a fiebre poño o ... (termómetro).
Despois do segundo ven o ... (terceiro).
Recorto coa ... (tesoira).
O barco pirata ía en busca dun ... (tesouro).
Os ovos frítense na ... (tixola).
Vexo unha película na ... (televisión).
No aniversario había sete velas na ... (tarta).
Sequeime coa ... (toalla).
O boli non escribe porque non ten ... (tinta).
As miñocas viven debaixo da ... (terra).
As tellas están no ... (tellado).
O que conduce un taxi é un ... (taxista).
A miña tía chamoume por ... (teléfono).
A ensalada tiña leituga e ... (tomate).
Corteime no dedo, ponme unha ... (tiritita).

T

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN T:

O animal que fai "miau" é o ... (gato).
Mide case dous metros, é moi ... (alto).
O viño está dentro dunha ... (botella).
Despois do seis ven o ... (sete).
Despois do sete ven o ... (oito).
Para saír tes que abrir a ... (porta).
O neno está mirando pola ... (ventá).
Para xogar ao fútbol fainos falta unha ... (pelota).
Nos pés poño os ... (zapatos/calcetíns).
Durmo só no meu ... (cuarto)
O animal que fai "cua cua" é o ... (pato).
O gato caza os ... (ratos).
Mordo a mazá cos ... (dentes).
Uso as ceras para ... (pintar).
Para patinar poño os ... (patíns).
Fago contas na clase de ... (matemáticas).
Debuxo e pinto na clase de ... (plástica).
A baralla ten moitas ... (cartas).
Despois do luns ven o ... (martes).
Gardo os cartos na ... (carteira).

X

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN X:

- Voa nunha escoba, é unha ... (bruxa).
- Despois do mércores ven o ... (xoves).
- Despois de xuño ven ... (xullo).
- Lavo a roupa con auga e ... (xabón).
- Puxen as flores nun ... (xarrón).
- No verán gústame comer ... (xeados).
- O ovo ten clara e máis ... (xema).
- Para o catarro teño que tomar un ... (xarope).
- A misa celébrase na ... (igrexia).
- No mar viven os (peixes).
- Fanse fogueiras polo San ... (Xoán).
- Para saber a hora miro o ... (reloxo).
- Os nenos para aprender van ao ... (colexio).
- Na clase plástica fixen un ... (debuxo).
- Na clase traballo e no recreo ... (xogo).
- Gardo o lapis e a goma no meu ... (estoxo).
- Polo ceo voan os ... (paxaros).
- A ameixeira dá ... (ameixas).
- A tenda que vende peixes é a ... (peixería).
- O home era tan grande que parecía un ... (xigante).

C/Z

COMPLETA CON PALABRAS CON C/Z:

Tomo o leite nunha ... (taza).

O ceo é de cor ... (azul).

Escribo no encerado coa ... (tiza).

Antes do zapato poño os ... (calcetíns).

Para levar o coche hai que saber ... (conducir).

Os reis viven nun ... (pazo/palacio).

A tenda onde venden carne é a ... (carnizaría).

Meteron ao ladrón no ... (cárcere).

Despois do segundo vai o ... (terceiro).

O cazador foi de ... (caza).

O fillo do rei é un ... (príncipe).

A filla do rei e unha ... (princesa).

Teño o pelo na ... (cabeza)

Entre os ombros e as mans están os ... (brazos).

Ao quebracabezas fáltalle unha ... (peza).

A parte da casa onde se fai a comida é a ... (cociña)

As persoas que traballan facendo comidas son os ... (cociñeiros).

A tenda onde venden menciñas é a ... (farmacia)

Non se ve nada hai que encender as ... (lucos).

O cantante canta unha ... (canción).

BL/PL

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN BL OU PL:

Teño que regar as ... (plantas).
Nas notas puxéronme un ... (notable).
Non se podía ver, era o home ... (invisible).
Nós vivimos na Terra que é un ... (planeta).
Aos monos gústalles moito comer ... (plátanos).
As galiñas teñen o corpo cuberto de ... (plumas).
Se se pode comer é ... (comestible).
Chora con facilidade porque é moi ... (sensible).
Non o podemos vencer porque é ... (invencible).
Sempre fai as súas tarefas, é un neno moi ... (responsable).
O contrario de posible é ... (imposible).
Non o podo crer porque é ... (increible).
Os mobles cómpranse na ... (moblería).
Xogamos a facer figuras coa ... (plastilina).
O que varía é ... (variable).
O que nos agrada é ... (agradable).
O que se prefire é ... (preferible).
Para que o entendas vouche poñer un ... (exemplo).
Se te podes fiar é ... (fiable).
Se se pode cambiar é ... (cambiable).

BR/PR

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN BR OU PR:

Eu leo un ... (libro).

Escribo na ... (libreta).

Metín a carta nun ... (sobre).

As que voan nas escobas son as ... (bruxas).

No verán poño o bañador para ir á ... (praia).

Para comer a comidaponse no ... (prato).

A neve é de cor ... (branca).

Ao gañador déronlle un ... (premio).

Eu non quero suspender, quero ... (aprobar).

Foi o gañador, chegou de ... (primeiro).

O príncipe casou coa ... (princesa).

A porta está pechada, vouna ... (abrir).

Nacen moitas flores na ... (primaveira).

Fai frío, leva o ... (abrigo).

O contrario de vender é ... (comprar).

O cóbado está no ... (brazo).

Para saber o que custa o xersei mírolle o ... (precio).

Puxen o termómetro para ver se tiña ... (fiebre).

A princesa casou co ... (príncipe).

O contrario de nunca é ... (sempre).

CL/GL

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN CL OU GL:

- O ovo ten unha xema e unha ... (clara).
- Para non perder as follas púxenlle un ... (clip).
- Somos vinte nenos na ... (clase).
- Para a festa inflamamos moitos ... (globos).
- Ao teclado faltalle unha ... (tecla).
- Os esquimós viven en ... (iglús).
- O veterinario traballa nunha ... (clínica).
- Este produto non está ben, vou poñer unha ... (reclamación).
- hai 40 teclas no ... (teclado).
- Non me gusta esta auga, ten moito ... (cloro).

CR/GR

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN CR OU GR:

- Eu cravei un ... (cravo).
- A copa está feita de ... (cristal).
- Conteí o tempo cun ... (cronómetro).
- O carbón é de cor ... (negra).
- A gravadora é para ... (gravar).
- Ia moi elegante con traxe e ... (gravata).
- O caldo leva unha verdura que se chama ... (grelos).
- Poño grampas coa ... (grampadora).
- Non custa nada, é ... (gratis).
- Esto non está cocido, está ... (cru).
- O contrario de pequeno é ... (grande).
- Faime moita gracia porque é moi (gracioso).
- O que traballa na granxa é un ... (granxeiro).
- Teño que regar as prantas para que ... (crezan).
- O galo e a galiña no alto da cabeza teñen unha ... (crista).
- O animalíño que fai CRI CRI pola noite é o (grilo).
- Non llo podo contar a ninguén porque é un ... (segredo).
- Fixen unha liña recta usando a ... (regra).
- Fíxome un favor e deille as ... (grazas).
- Cando tocou o timbre saímos ao ... (recreo).

DR/TR

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN DR OU TR:

- Un animal parecido a o camelo é o ... (dromedario).
- Fai moitas trampas, é un ... (tramposo).
- O coche é un medio de ... (transporte).
- Para ir elegante o home levaba un ... (traxe).
- Despois do doce ven o ... (trece).
- Despois do dous ven o ... (tres).
- Despois do tres ven o ... (catro).
- Ten moitos vagóns, é un ... (tren).
- Vou durmir que mañá teño que ... (madrugar).
- Ábreme a porta se non non podo ... (entrar).
- O tractorista conducía un ... (trator).
- Ti es un tramposo, fixéchesme unha ... (trampa).
- Botaba lume pola boca, era un ... (dragón).
- Non te poñas nervioso, estate ... (tranquilo).
- O "t" e o "f" son ... (letras).
- Comín pementos de ... (Padrón).
- Ao gañador do partido déronlle un ... (trofeo).
- Polo río abaixo vai unha ... (troita).
- O pintor pintou un ... (cadro).
- Os madrileños viven en ... (Madrid).

FR

COMPLETA CON PALABRAS QUE LEVEN FR:

- Comín un xeado de ... (fresa).
- Comín un ovo ... (fritido).
- Eu sei tocar a ... (frauta).
- Os africanos viven en ... (África).
- O tesouro estaba metido nun ... (cofre).
- A mazá e e pera son ... (froitas).
- Para beber quero un ... (refresco).
- Non me pises ahí que acabo de ... (fregar).
- Parar a bici tes que apretar o ... (freno).
- Os franceses viven en ... (Francia).

EXERCICIOS DE LECTURA

(RIMAS)

B/V

O BAILE DO PAVO:

Don Pavín bailaba,

Don Pavón cantaba.

Ai, que pena daba,

Ver como berraba!

Se non sabes bailar,

Vas ter que abandonar!

Dicía Pavón cabreado,

Vermello e alborotado.

Vaia quen me fai saber,

O que debo de facer;

O que non sabe cantar,

Nin bailar nin boxear.

Non me veñas con bobadas,

Non inventes máis pavadas,

Que se me vas vacilar,

Poño a vasoira a bailar.

Pois a ver quen vai cantar,

Porque ti só sabes berrar,

A min non me vas botar,

Non me queiras gobernar.

Pasou por alí a vaca,
Que viña de facer caca
Vaia pavos máis berróns,
Parecen dous tiburóns!

Os pobres pavos avergoñados,
Deron os berros por acabados.
Para cantar e bailar,
Non había que rifar.

D

PERDÍN O DADO

Eu tiña un dado,
Que me deron prestado,
Como son moi despistado,

Perdino nalgún tellado.

Non o podo devolver,
Así que quedo a deber.
Xa debe de estar gastado,
Porque era moi delicado.

O dono quere denunciar,
E non mo volve deixar.
Non lle parece decente,
Perdelo así de repente.

Aínda que ando disgustado,
Teño que quedar calado,
Ten razón o indeseado,
En estar tan cabreado.

Eu por ser conciliador,
Deille un ventilador,
Pero el é decorador,
E prefire un ordenador.

Nin que fora senador,

Ou un gran diseñador.
Non che dou ordenador,
E tampoco o ventilador.

Eiche devolver o dado,
Heino buscar con coidado,
Aínda que ande cansado,
Enfadado e colorado.

F

POESÍA:

A fada fermosa
E tan famosa ,
E tan fabulosa,
Que parece unha osa.

Fernando que é flaco,
Está enfeitizado,
E faille un prato,
De fideo estofado.

A fada ten fame,
E pídelles froita,
Fernando ferido,
Dálle peixe frito.

Todo estaba fabuloso,
Fantástico e aceitoso.
Hasta o filete de oso,
Me pareceu delicioso.

Esta fada está flipada,
Non había filete nin nada.
A froita estaba pasada,
E a faneca caducada.

A fada quere marchar,
E fai fume para despistar.

Non fai falta aclarar,
Que non pensa regresar.

Fernando ponse a fregar,
E eso faille pensar,
Vaia fada máis descarada,
Que nin axuda nin nada.

A fada chega ó fogar,
Cunha fame que non vexas.
Fai uns fideos no lar,
E de postre unhas fresas.

G

OS NENOS DE GALIZA

Os nenos de Vigo,
Teñen un amigo,
Que se chama Rodrigo,
Sabes como che digo?

Os nenos de Santiago,
Báñanse nun lago.
As veces xogan cun mago
Sen facer ningún estrago.

Os nenos lugueses,
Lévanse ben cos ingleses,
E tamén cos portugueses,
Son amigos, xa fai meses.

Os nenos de Bergantiños,
Xogan cos seus amiguiños,
Gústalles ter un golfiño,,
Un gorila e un gatiño.

Os nenos de A Gudiña,
Coñecen unha galiña,
Que pon ovos na cociña,
Que galiña tan guiadiña.

Os nenos de Ortigueira,
Por san Xoan fan fogueira,

Comen figos da figueira,
E un guiso de primeira.

C/K/QU

RIMAS

Eu quero un castelo,
De queixo e caramelo.
Soltar o meu cabelo,
E montar nun camelo.

Eu quero ser cabaleiro,
E non ser un recadeiro.
Quero ter un cociñeiro,
E comer carne ó caldeiro.

Eu quero ir ao mercado,
Para facer un recado.
Quero un queixo ben picado,
E un congrio colorado.

Eu quero ter unha casiña,
Cunha cama ben quentiña,
Cun cabalo na cociña,
Ai que casa máis cuquiña.

Eu quero ser coronel,
E levar un caravel,
Atado con un cordel,
Colgado dun cascabel.

Eu quero unha camiseta,
E montar nunha carreta,

E colocar na carpeta,
O cromo dunha banqueta.

L

SE VAS A GALICIA

Se vas a Compostela,
Verás que terra máis bela.
Se levas a túa cadela,

Verás que xogan con ela.

Se vas a Caldas de reis,
Terás que cumprir as leis,
Non leves vestido beis,
E galiñas leva seis.

Se visitas Celanova,
Limpa ben a túa alcoba,
Luce a levita nova,
E loita coma unha loba.

Se queres ir a Lalin,
Ten coidado galópín!
Lava ben o teu violín,
E non fales mal, jolín!
Se pensas visitar Laza,
Onde a xente te disfrazo,
Podes levar can de caza,
O algún de calquera raza.

Se non coñeces Burela,
Non coñeces cousa bela,

É unha terra de novela,
Xa mo dixo a tía Adela.

M

RIMAS.

Na cama dun home,
Que non ten nome,
Durme un oso enorme,

E un pouco deforme.

O oso ten unha moza,
Chamada Mari Mendoza,
Mari vive nunha choza
E bebe auga na poza.

Comen os dous nunha mesa,
Empanada con maionesa,
A osa como é marquesa,
Non limpa nin a despensa.

Son a parella de moda,
Comentao a aldea toda
E xa ninguén se incomoda
Se os acompañan na voda.
A osa como é de Roma,
Non entende algunha broma,
Pero merece un diploma,
Polo ben que usa a coma.

N

POESÍA:

A nai de Ana

Viaxa en caravana

E canta unha nana,

Se lle dá a gana.

Helena é unha nena,
Que leva melena,
A súa amiga Lorena,
Ten a cara morena.

Cristina a peregrina,
Toma leite con sacarina,
A súa amiga Carina,
Non o toma porque é fina.

A miña neta Renata,
Non lle disgusta a nata,
Aínda que non se decata,
De que non é nada barata.
A miña tía Ramona,
Vive na miña zona,
Aínda que ten tanta sona,
Come a laranxa sen tona.

Ñ

POESÍA:

A miña casiña,

É moi bonitiña,

É tan pequeniña,

Que non ten cociña.

A miña camiña,
É moi comodiña,
É tan estreitiña,
Que non cabe unha piña.

O meu cabaliño,
É moi mansiño,
É tan delgadiño,
Que o levo no bolsiño.

A miña galiña,
É boiña e listiña,
Sempre que pon un oviño,
Dalle calor e sae un pitiño.

A miña sobriña,
Ten unha vaquiña,
Chámase Maruxiña,
E dálle leite con piña.

P

POESÍA:

Para facer poesía,
Primero hai que pensar.
Ao empezar o día,
Non a podes empezar.

Se non podes esperar,
Podes ir a pasear.
En canto teñas o papel,
Xa non poderás parar.

Se o poema é dun piñeiro,
Poderás ser o primeiro,
Pero se vai de paraugas,
Para e pon ben as pausas.

Se non podes empezar ,
E non queres esperar,
E mellor ir pasear,
Para te despexar.

Cando acabes o poema,
Podes facer un debuxo,
Relacionado co tema,
Será un poema de luxo.

R SUAVE

RIMAS:

Ó carón dunha leira,
Fixeron unha feira.
puxérona a beira,
Dunha bonita pereira.

Foi o señor cura,

E mercou auga pura.
É para beber, asegura
Porque a sede é moi dura

Foi a señora Lara,
Con un euro que sacara.
Quería mercar unha vara,
Porque tiña moita cara.

Foi un señor solteiro,
Para mercar un saleiro,
Porque era panadeiro,
E tiña o posto valeiro.

Foi a señora Dorinda,
Cunha saia moi florida,
Aínda que estaba ferida,
E parecía algo aburrida.

R (INVERSA)

RIMAS.

Esta é a carpeta,
Da miña irmá Berta

Estes son os cartos,
Do meu curmán Marco.

Esta é a cartolina,
Da miña tía Fermina.

Este é o cortello,
Do meu porco Erbelo.

Esta é unha carta,
Da miña irmá Marta.

Este é o marmelo,
Do meu tío Carmelo.

Esta é a barquiña,
Da miña amiga Carmiña.

Este é o cardo,
Do meu tío Eduardo.

Esta é o concerto
O que foi o primo Berto.

Este é o leopardo,
Do meu sobriño Ricardo.

RR

O RATO E O CARAVEL:

Un rato e un caravel,

Foron de lúa de mel.

A ra que vivía no regato,

Regaloulles un tarro barato.

Ó sapo non o invitaron,

Porque nunca se levaron,
Pero á vaca Rosiña,
Levaron de madriña.

O padriño foi o Ramón,
Que levou un traxe marrón,
O cura foi Don Rafael,
Porque se rían moito con el.

Ó remetar á cerimonia,
tiráronlle arroz, que manía!
O caravel case rompeu,
Grazas que o rato non o veu.

Riron moito no banquete,
E regaláronlle un paquete,
Cunha radio de xoguete,
E un tarro cun foguete.

O rato co seu caravel,
Corría polo mantel,
Ría, brincaba e bailaba,
De tan radiante que estaba.

Cando rematou a festa,
Resolveron volver en besta,
A ra que estaba engordando,
Tivo que volver andando.

S

RIMAS:

A saia de Isa,
case a pisa,
Cando vai á misa.

A min gústame o sushi,
E o pelo de Susi,
Anque pareza cursi.

Se tes que poñer,

O vestido de Isabel,
Non podes con el.

En semana Santa,
O irmá de Samanta,
Xa non a aguanta

Por non dar a vara,
O sobriño de Sara,
non lava a cara.

A prima Tomasa,
Seica non casa,
Vestida de pallasa.

Ese polo asado,
Estaba casado,
E agora guisado.

Déixame paso,
Que hoxe me caso,
Con un pallaso.

Se contas hasta sete,
E comes un sorbete,
Eu tiro un foguete.

T

POESÍA:

O neto de Bieito,
Anda polo teito.

O neto de Valetín,
Non ten calcetín.

O neto de Orestes,
Naceu sen dentes.

O neto de Ernesto,
Toma o té nun cesto.

O neto de Antón,
Non ten pantalón.

O neto de Alberte,
Non pode nin verte.

O neto de Marta,
Escribume unha carta.

O neto de Berta,
Deume unha aperta.

O neto de Renata,
Toma leite con nata.

O neto de Duarte,

Está da miña parte.

O neto de Rita,
Sempre me pita.

O neto de Aitor,
E o director.

X

POESÍA

Dona Maruxa,
É unha bruxa,
E cando a empuxas,
Dóenlle as cuxas.

Dona Uxía,
Vive en Muxía,

De noite vixía,
Xa non se fía.

O señor xerente,
É moi intelixente,
Pregúntalle á xente,
Se usa deterxente.

O rei co seu paxe,
Viven en Laxe,
Cando saen de viaxe,
Poñen un bo traxe.

Ao meu irmán Breixo,
Non lle gusta o queixo,
Dállo ao porco teixo,
Cando non o vexo.

Xavier é un personaxe,
Que ule a potaxe,
Vive nun garaxe,
Sen ver a paisaxe.

C/Z

A CINTA DA MOZA

A cinta da moza,
Caeu na poza,
Case a destroza,
Ai, pobre moza!

É unha cinta especial,
É unha cinta demencial,

Dunha beleza marcial,
Non hai unha cinta igual!

Se a luces no zapato,
Parece un garabato,
Se lla colocas ao gato,
Caza ratos de inmediato.

Toda a xente está celosa,
Desta cinta tan preciosa,
É deliciosa e graciosa,
Que cousa tan minuciosa!
Se a queres merecer,
Tela que convencer,
Se non quere obedecer,
Non hai nada que facer.

BL/PL

RIMAS:

Se es invisible,
Serás invencible.

Se es invencible,
Serás moi sensible.

Se es moi sensible,
Serás moi apetecible.

Se es apetecible,
Serás moi comestible

Se es comestible,
Serás moi previsible

Se es previsible,
Serás moi agradable

Se es moi agradable,
Sacarás un notable.
Se sacas un notable,
Serás moi fiable.

Se es moi fiable,
Non serás miserable.

BR/PR

RIMAS:

O señor conde é un nobre,
Que ten moedas de cobre,
O seu primo ten o dobre,
Así que o conde é máis pobre.

O conde ten prata brillante,
O primo ten ouro bastante,

O cabreo é constante,
Xa non hai que os aguante.

Eu teño unha cabra,
Que sabe unha palabra,
Unha palabra moi macabra,
Que se chama abracadabra.

Eu abrigome en outubro,
E encendo o braseiro en novembro,
E do que fago en decémero,
Xa nin sequera me lembro.
Alí naquela obra,
Atoparon unha cobra,
A cobra sabe de sobra,
Que dá medo se se dobra.

CL/GL

RIMAS:

Vou falar con claridade,
Vouche contar a verdade.

O meu primo Clementino,
Sempre foi moi clandestino.

Sempre que cambia o clima,
Na clase fai unha rima.

Se non ten unha cousa clara,
Non para de dar a vara.

Para falar coa xente,

Tócalle o clarinete.

Gústalle clasificar,
Os papeis de par en par..

Pon a roupa a clarear,
E olvídase de a lavar.

Cando lle rompe un globo,
Sempre compra outro novo.

En vez de usar unha chave,
Sempre quere abrir cunha clave.

Xa che debeu quedar claro,
Que Clementino é moi raro.

CR/GR

RIMAS:

Para cravar un cravo,
Non tes que ser un escravo.

Para limpar un cristal,
Non podes ser criminal.

Para cerrar a cremalleira,
Non se pode ser groseira.

Para aprender a escritura,
Tes que ser unha criatura.

Se queres ser meu primo,

Non podes ser un cretino.

Se queres unha grampadora,
Tes que ser moi traballadora.

Se queres unha croqueta,
Tes que tapar esa greta.

Se queres unha gravata,
Tes que ser moi grata.

Se queres ter unha crista,
Tes que ser unha cría lista.

Se queres ser un criado,
Terás que subir un grado.

DR/TR

RIMAS:

Cando hai treboada,
non paso da entrada,
E se escoito un trono,
Entrame o sono.

Cando son un trapalleiro,
Non sei ler nin un letreiro,
E se son un tramposo,

Ando trencos coma un oso.

Cando estou algo triste,
Éntrame o despiste,
E se quero tranquilidade,
Trato de decir a verdade.

Cando quero ser transparente,
Entretéñome coa xente,
E se quero ser un dragón,
Teño que ser un tragón.

FR

RIMAS:

Para tocar a frauta,
Tes que ser moi cauta.

Para poñer un frac,
Tes que ser un crac.

Para facer ovos fritos,
Tes que ser o elixido.

Para ter sabas de franela,
Tes que falar con ela.

Para tomar un refresco,
Non podes saír ó fresco.

Se queres comer unha froita,
Unha fresa non é moita.

Se queres facer unha frase,
Espera a que o frío pase.

EXERCICIOS


DE

LECTURA

(CONTOS)

AXENCIA DE DE DETECTIVES E INVESTIGADORES

"OS LINCES DO ALFABETO"



PRESENTACIÓN:

A Continuación podedes ler unha serie de historias, todas elas relacionadas coas aventuras que lles ocorren a un grupo de nenos que pertencen a unha axencia de detectives: "Os linces do alfabeto".

Trátase duns nenos moi listos e moi solidarios, sempre están dispostos a axudar aos veciños que o necesitan. Cando non teñen ningún encargo saben divertirse con contos e xogos; eso sí, nunca deixan de lado os estudos nin as tarefas escolares porque saben que


ese é o seu traballo máis importanse te queren chegar a ser uns profesionais de primeira.

B/V

O BARCO DE BIEITO:

Era sábado, tocáballes estar de garda a Bieito e a Xacobe. estaban algo aburridos pois parecía que ninguén necesitaba a súa axuda aquel día.

- Sabes o que podemos facer?- berrou de súpeto Bieito.




- Que?

- Podemos xogar a que temos un barco de vela e viaxamos polo mar vencendo a piratas e bucaneiros, como o ves?

- Que boa idea tiveches, vamos, veña, comecemos xa!

E así o fixeron. Vestíronse con vestiduras de aventureiros: viseiras, botas, bufandas, barbas, bigotes, ... bueno, con todo o que atoparon no baul da súa avoa Belén.

- Este será o noso barco, -dixo Bieito sinalando unha bañeira vella que tiñan seus pais á beira da casa.



- Vale, subamos xa ao noso barco! Eu vixiarei a babor e ti a estribor, e así teremos todo o barco baixo control, vale?
- Boa idea, vamos meus valentes izade as velas e a navegar por este mar tan bravío!
- Señor, vexo un barco aló ao lonxe, haberá que prepararse para loitar porque son bucaneiros.
- Vamos a toda velocidade, eses bandoleiros do mar non nos vencerán. Vamos, meus valentes virade o barco e imos alá. Vento en popa a toda vela!
- Señor, co vaivén do barco teño ganas de vomitar.
- Ben mariñeiro, se non podes loitar, vai para baixo e vixías os víveres

e varres o buque, todos temos que colaborar.

- moi ben, alá vou!



O vento zoaba e case facía virar o barco, tiveron que bordear un iceberg e loitar contra os tiburóns pero chegaron onda o barco dos bucaneiros e berráronlle:

- Eh, bucaneiros covardes, vimos recuperar todos os botíns que roubaches, rendídevos.


- Vaia, que valentes, ja ja ja!, non nos venceredes, veña dade a volta que non vos quero ver máis por aquí!

- Estabades avisados, veña mariñeiros vamos todos a loitar.

Loitaron durante un bo anaco, os piratas eran vagos e non sabían boxear, asía que os mariñeiros conseguiron vencelos e recuperar os

botíns que roubaran aos barcos que atracaran, en total había:

Unha vaixela, unha vasoira, víveres para varios días, dous billetes de vinte euros piratas, unha bóla bañada en ouro moi valiosa, catro botóns vermellos e un biberón.



- Vaia botín conseguimos eh Benito?

- Si señor, somos o barco máis valente de todos os mares, vamos repartir o botín.

Repartiron o botín e fíxoselles hora de volver a casa. Que ben o pasaron aquel día.

E Valentín, valentón

Este contó acabou.

D

A DENTADURA DA AVOA



Dende sempre Diana e Adela andaban xuntas, non recordaban xa desde cando eran amigas. Aquel sábado tocáralles facer garda ás dúas xuntas.

Tiñan por diante unha misión moi difícil e delicada; á avoa desaparecéralle a súa dentadura postiza e non sabía onde estaba.

O primeiro que fixeron foi pedir a avoa que lles describise como era a dentadura, cando e onde a vira por última vez. A avoa fíxolles un debuxo da dentadura e díxolles que a perdera de vista sobre as doce da noite do día anterior cado a deixara gardada para ir durmir.

Na vivenda estaban ela, o avó Daniel, o seu dálmata Dino e o seu gato Peludín. Non lles podía decir nada máis.

Con estos datos Adela e Diana decidiron que o primeiro era pedir ao avó que fora a declarar.

De contado se presentou o avó no despacho, moi descontento pois resultabais desagradable que desconfiaran de que el cometera o delito. Declarou durante máis de media hora pero non lles puido dar moitos datos do caso porque el estaba xa durmindo cando ocorreu o "delito" , como dicía el, podía demostrar que el non era o delincente.

Descartado o avó, Diana e Adela decidiron deambular un pouco polos arredores a ver se algún veciño lles podía dar máis datos.

- Eu non podo decir que vira descoñecidos por aquí, pero as doce oín un ruído tremendo que viña da casa do Daniel e da Madalena, foi un ruído desagradable e descomunal, iso é todo o que vos podo dicir- foi a declaración dun veciño, o Dionisio, que era o que se deitaba máis tarde cada día.

- Agradécémosche a túa axuda Dionisio, deixámosche que sigas descansando, adeus.

- Adeus, espero que atopedes ao delincuente.

De volta na casa decidiron que sería mellor dedicarse a mirar dentro a ver se daban con algún indicio. Se había algo descolocado, ou aínda se podía estar a dentadura debaixo algún moble.

Pensaron se podería ser que o gato peludiño derramara o vaso, pero de contado descartaron esa posibilidade pois era un gatiño moi cuidadoso nunca descolocaba nada.

Xa estaban algo desesperadas porque non daban descifrado o que sucedera cando, de súpeto divisan polo corredor andando cara elas a o dálmata Dino cun gran sorriso cheo de dentes.

Non daban creto, o dálmata fora o que collera os dentes da avoa e andaba todo presumido paseando con eles pola casa.



Foi bastante difícil conseguir que llos devolvera pois sentíase como un dandi con eles, pero o final cedeu.

Pouco despois devolvéronlle a avoa a súa dentadura, aínda que lle pediron que a lavara e a desinfectara con coidado antes de devolvela á boca.

Para agradecerlles a súa axuda a avoa convidounas a unha deliciosa merenda.


E como din en Macondo
Por hoxe temos dabondo.

F

A FAMOSA FRAUTISTA:

Era polo mes de Febreiro e non tiñan moito traballo na axencia de detectives, así que como ademais tiñan bastantes tarefas da escola

so estaba de garda un cada día. Aquel día tocáballe a Federica. Como non tiña moito que facer deixouse levar polas súas fantasías.



Federica era unha nena moi fermosa que disfrutaba moito tocando o seu instrumento favorito, a frauta.

Soñaba con facerse algún día unha flautista famosa, sacar fotos con todo o mundo, firmar autógrafos e todas esas cousas que fan as persoas famosas. Pero mentres ese momento non chegaba contentabas con tocar coa súa frauta o cumpleaños feliz en todas as festas de aniversario dos seus amigos: Felipe, Fernando, Fefa e Fina.

Fantástico, fabuloso! Berrábanlle todos cando finalizaba a súa actuación, pois Federica tocaba a frauta de fábula. Despois todos

disfrutaban da festa, bebendo refrescos, comendo fresas e outras froitas, tirando confeti e sacando fotos cos amigos e a familia.

Federica disfrutaba moito cos seus amigos pero non deixaba de pensar en que quería ser unha gran frautista, así que todos os días despois da escola metía a fruta na súa funda, póníaa a súa fermosa bufanda de flecos para non resfriarse e acudía a unha escola de música para perfeccionar a súa técnica.

Pasados os anos, Federica xa era unha moza feita e dereita e seguía esforzándose por facer as cousas ben, así que un día chegou a súa oportunidade, un famoso director de orquestra escoitoua tocar unha das súas pezas favoritas e ofreceulle facer unha proba para entrar a formar parte da súa orquestra. Federica case non o podía crer, deulle o seu número de teléfono a aquel director e saíu correndo para a súa casa onde atopou a súa nai tomando o café tranquilamente no sofá:

- Qué flipe mamá, que flipe!- case berraba Federica.

- Pero Federica, muller, que dis?. Non che entendo nada.

- Que vou ser famosa, que me van facer unha proba.

- Ai filla, que ben! Agora mesmo chamo por teléfono a teu a teu pai e aos teus amigos e ímolo celebrar cunha boa festa.

E así o fixeron, foron a un restaurante e comeron de todo: filetes, patacas fritidas, fresas, ... alí ninguén quedou con fame.

Federica foi o día acordado facer as probas, que lle resultaron moi fáciles porque levaba toda a súa vida practicando e por suposto conseguiu entrar na orquestra, era tan feliz que xa non lle importaba tanto tanto facerse famosa ela soa, case prefería que a recoñecesen por formar parte da orquestra na que tocaba.

De súpeto alguén abreu a porta e case lle dá un ataque.

- Federica, muller, xa estás outra vez coas túas fantasías, veña que é hora de cear, vai lavar as mans.

Efectivamente todo fora parte da fértil imaginación de Federica, pero foi lavar as mans convencida de que ela faría os seus soños realidade.

E Felipe, Felipín


Este conto chegou ó seu fin.

G

A GARGANTILLA DE DONA ÁGUEDA:

Era un domingo do mes de agosto, a axencia de detectives e investigadores recibiu un encargo, era o seguinte:

Dona Agueda, unha dama elegante e orgullosa quería averiguar quen lle roubara a súa gargantilla de ágatas moi antiga que lle regalaran.





A gargantilla estaba gardada nunha caixa de seguridade e agochada dentro do gardarroupa.

Ocupáronse de investigar o caso os investigadores Agata e Rodrigo, que estaban de garda. Puxeron as súas gabardinas.

- Comezaremos a investigación preguntando aos animais de dona Agueda a ver se saben algo.

- Gústame esa idea, vamos empezar polo galiñeiro.

Ante as preguntas dos investigadores as galiñas e o galo puxéronse algo nerviosos. Non conseguiron ningunha resposta. Ofrecéronse a pagarlles con grans de trigo se falaban, pero negáronse, nos somos amigos dos nosos amigos, dicían.



- Vaia, aquí pasa algo, temos que averigualo de seguida, vamos a ver que nos contan as éguas.

En canto viron os investigadores chegando a onda elas as éguas sairon ao galope.

- Aquí hai gato encerrado, os animais saben algo e parece que gardan un segredo, temos que averigualo.

- Vamos falar cos gatos.

Chegaron a gateira e non viron a ningúnen, había varios agasallos agochados, e ulía a auga de colonia.

- Aquí non hai ninguén, vamos ver ao garaxe.

Cando chegaron ao garaxe non podían crer o que viron. Todos os animais estaban alí, as eguas, as galiñas, os galos, os gansos, ata un

gorila que non coñecían. Ían todos moi elegantes con abrigos, guantes, gorros... ata a gacela que sempre andaba con galdrapos estaba elegantísima. No medio de todos eles viron ao gato Gumersindo vestido moi garboso cunha guinda colgada da solapa do seu traxe gris e ao seu lado a gata Pegui, con bágoas nos ollos, un vestido longo de gasa e ... UNHA GARGANTILLA DE ÁGATAS!



Agora entendían todo, os gatos colleran a gargantilla de Dona Águeda para poder levar na súa voda pero pensaban devolvela despois da festa, non eran ningúns ladróns.

Invitaron a Rodrigo e a Agata ao banquete. Comeron guiso, galletas e garbanzos e beberon auga a fartar. O golfiño tocou a gaita e o gorila a guitarra. Bailaron ata a madrugada e ao rematar a festa déronlle a gargantilla aos investigadores para que lla devolverse a Dona Agueda.

Dona Agueda quixo saber onde a atoparan pero eles negáronse a

descubrir o segredo dos seus amigos. Aínda así dona Agueda, que estaba moi agradecida agasallounos cunha gorra e un gabán de detectives e marchou moi contenta coa súa gargantilla.

E como din os galopíns

Este contó chegou ao fin.

C/K

OS CONTOS DE CARLOS:

Aquel mes a axencia de detectives estaba pechada por vacacións, Carlos era o encargado de recoller algún recado por se aparecía algún encargo urxente.

Carlos era un neno como calquera outro neno da súa idade. Cada día acudía a escola coa súa carpeta e un pouco de queixo para a merenda e o seu coche de xoguete.

A súa asignatura favorita eran as matemáticas, porque lle encantaba contar e facer contas.


Pero ese día na clase de matemáticas Carlos tivo algunhas dificultades para facer unhas contas, non lle daban saído ben e desesperábase, nese momento pensaba que as matemáticas eran o peor do mundo, afortunadamente souo o timbre para o recreo, polo menos podería descansar un pouco de tanta conta.

$$\begin{array}{r} + 4 \\ 7 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} - 7 \\ 4 \\ \hline \end{array} \quad \begin{array}{r} 10 \\ + 1 \\ \hline \end{array}$$

Mentras estaba no recreo xogando co seu cabalo de plástico, de repente ocorreu algo moi curioso, o cabalo comezou a crecer, e converteuse nun cabalo de verdade, Carlos non o podía crer, miraba cara os demais nenos, pero parecía que ninguén se daba conta do que estaba acontecendo.

En canto o cabalo se acabou de transformar dirixiuse a Carlos e díxolle:

- Queres vir conmigo? Pódote levar a un castelo onde serás moi rico e non terás que ir a escola nunca máis. Acabaríanse as matemáticas coas súas contas, o coñecemento do medio, a plástica, todo. Só farás o que ti queiras.



A Carlos abaneáballe todo o corpo, case cae de cu, pero conseguiu contestar:

- Claro que quero, como vou preferir ir a escola antes que vivir nun castelo a corpo de rei. Agárdame aquí un momento.

Deixou o cabalo e dirixiuse a aos seus amigos Cora e Ricardo e con moito misterio deulle un bico a cada un e díxolles: quero que saibades que vos quero moito, non me vou esquecer de vós. E voltou cara onde

estaba o cabalo.


Os seus amigos quedaron algo confusos coas súas palabras, pero como Carlos sempre fora moi contista e teatreiro non lle deron máis importancia.

Carlos montou entón naquel cabalo e cando se dou conta estaba nun castelo.

- Este é o teu castelo e toda esta xenta son os teus criados. Dixolle o cabalo.

Carlos comezou a correr polo castelo para velo todo. Tiña un cuarto para el só cunha cama enorme, a cociña estaba chea de caramelos, todo o que se lle podía ocorrer tíñao naquel castelo, e se non o había so tiña que pedilo.

Sen pensalo máis instalouse e encargoulle aos seus criados que lle fixesen unha boa comida e lla servisen no comedor. Comeu tanto que tivo que atendelo o médico do castelo para curarlle o empacho que colleu.



Durante uns días Carlos estivo moi contento con todas as súas posesións, pero non tardou en votar en falta a súa familia aos seus amigos e ata a escola e as matemáticas, a verdade e que a súa vida de antes non estaba nada mal e agora aburriase cada pouco. De contado, chamou ao cabalo e pediulle que o levase de volta ao seu colexio, que quería volver a ser un neno normal.


O cabalo aceptou e de contado o levou, Cando se deu conta estaba de novo no patio, soou o timbre e todos se puxeron na fila para volver a clase. Carlos dirixiuse a Ricardo e díxolle:

- Non quero volver a vivir nun castelo, e moito mellor ir ao colexio.

Ricardo non contestou porque estaban na fila e tiñan que estar calados, ademais xa estaba acostumado a que Carlos se inventara sempre algunha historia fantástica durante o recreo.

Entraron na clase e puxéronse a corrixir as contas que lle saíran mal,

agora xa estaba máis centrado e saíronlle todas á primeira. A mestra felicitouno por traballar tan ben despois do recreo.



E colorín colorado

Este contó está rematado.

L

O CASO DO LITRO DE LEITE:


Era luns e os detectives estaban de leria no salón da casa de Elia, xa que ninguén os reclamara aquel día para resolver ningún caso.

De súpeto acabóuselles a tranquilidade, Lino, un veciño do lugar, entrou coma un lóstrego, case sen alento, pois quería falar con eles.

- A ver Lino, tranquilízate e cóntanos.

- Vale, respondeu Lino lixeiro limpando o suor cun pano lila. Veredes, como sabedes, eu non teño animais, así que fixen un trato con Lucas, o veciño. Eu lévolle a el leña para o lume e el regálame leite para tomar polas mañás.

Todos os días déixame un litro de leite nunha ola diante da porta. Ata agora todo ía ben pero, dende o luns pasado o leite desaparece e só está a ola valeira.



Despois de escoitar atentamente as súas palabras os rapaces agarraron a súa lupa, as luvas e liscaron lixeiros. Lembraron que desde a casa de Don Luís, o albanel, se podía ver o portal de Lino, así que aló foron cunha libreta e un lapis para apuntar.

- Hola don Luís, podemos facerlle unhas preguntas?

- E logo, claro que sí. Ala, pasade a sala e falamos.

Don Luís foi moi amable pero so lles puido contar que, desde logo Lucas deixaba a ola chea de leite cada mañá o lado do portal de Lino, así que culpa súa non era.

Logo de falar con todos os do lugar decidiron revisar o sitio onde deixaban o leite. Viron que ao lado da ola había algunhas gotiñas de leite, así que estaba claro que quen roubaba o leite bebíao alí mesmo.

- Ben colegas, o lóxico será que mañá pola mañá nos coloquemos

de detrás daquela laranxeira e vixiemos quen leva o leite.- propuxo Eli, unha das investigadoras que era lista e lixeira coma unha lebre.

- Vale, mañá vaise enterar o larpeiro que leva o leite.



A mañá seguinte todos se colocaron detrás da laranxeira e agardaron a que aparecera o ladrón. De súpeto viron a unha gata con catro gatiños que se achegaban a ola de leite e o bebían. Os pobres non tiñan unha familia que os coidara así que tiñan que ir beber o leite do portal de Lino.

Cando os rapaces lle contaron a Lino o que pasaba, el que tiña loucura polos animais decidiu adoptalos. Lavounos con delicadeza e limpoulles un lugar cerca do lume da lareira onde os gatos estaban de luxo.



Pediulle ao veciño que lle deixara dous litros de leite, un para a súa familia e outro para os seus gatiños.

Aos detectives, para agradecerlles a súa valiosa colaboración, regaloulles unha lupa nova, unhas luvas e un libro de casos resoltos para que o leran e seguiran facendo tan ben a súa labor. Ademais convidounos a unha merenda con larpeiradas, cola e limoada.

E colorín colorado

Este conto está rematado.


LL

O CASO DAS GALLETAS DO VELLO

Os detectives estaban aquel día xogando a pillar cerca do palleiro .

De súpeto, chegou un veciño que quería contarlles algo que lle preocupaba. Viña vestido cunhas zapatillas vellas.

- Veredes meus filliños, dende fai uns días noto que me faltan galletas cando vou tomar o desaiuno, e non sei quen as pode comer, a miña muller non é porque lle gustan as torradas non as galletas.



En canto tiveron toda a información puxéronse a traballar no caso.

O primeiro ao que lle preguntaron foi a un veciño que traballaba de pallaso, podía ser que fora el porque xa sabedes que a os pallasos lles


gusta facer bromas e pallasadas. Pero resultou que o pallaso non sabía nada das galletas, eso sí, convidounos a entrar e tomar con el un plato de filloas con marmalada de grosella e deulles un folleto das súas próximas actuacións.

Seguidamente os detectives resolveron buscar as galletas perdidas por todas partes: miraron no palleiro por se estaban entre as pallas, miraron no tellado levantando cada tella, miraron no taller, entre o millo, na corte dos coellos, ..., pero nada, nin rastro das galletas.

Entón decidiron montar guardia diante das galletas para ver o que pasaba. Agocháronse detrás duns sillóns e a esperar coas orellas en garda.

Xa era de madrugada condo oíron que alguén se achegaba á cociña, sentaba nunha silla, collía galletas do tarro e ía coméndoas todas. Os detectives acenderon a luz para descubrir ao ladrón e descubriron que era o propio vello.

O pobre era sonámbulo así que polas noites levantábase durmendo e comía as galletas sen darse conta.



A mañá seguinte cando llo contaron non o podía crer, case escacha coa risa. El pensando que lle roubaban as galletas e era el mesmo.

Para agradecerlles o gran traballo que fixeran convidounos a comer con el e coa súa muller. Comeron lentellas de primeiro e ollomol con mollo de allo e tallaríns de segundo, estaba todo delicioso.

Antes de marchar deulles a cada un un billete para un sorteo dunhas zapatillas deportivas e prometeulles que os chamaría para calquera misterio que tivera que resolver.

Os rapaces volveron a casa moi contentos por facer tan ben o seu traballo.

E palleirán, palleirín


Este conto chegou ao fin.

M

O HOME MISTERIOSO DA MANSIÓN:

Era martes, os detectives María, Máximo e Manu remataban de tomar a súa merenda cando chamaron á porta. Era Mauro, un veciño moi bo pero tamén moi maniático. Aquel día quería que os rapaces resolveran algo que lle preocupaba moito.

Facía pouco tempo que viñera a vivir á mansión abandonada un home cun aspecto misterioso, tiña media melena e sempre ía con sombreiro e traxe. Dende que chegara, Mauro non deixaba de ver cousas que lle daban medo. Moitas veces vexo como voan os manteis das mesas, pombas que saen dos sombreiros, e ata me parece que fai milagres.



- Moi ben, compañeiros, o mellor será que nos disfracemos de mimos

e así podemos mirar desde o muro sen que nos vexa o home da mansión- propuxo Manu.

- A min tamén me parece o mellor. Teremos que maquillarnos e por un mono marrón para camuflarnos e estar totalmente mudos.

Mudáronse rápido e aló foron. Agocháronse detrás dos matorrais mirando cara a ventá do comedor.

En dous minutos xa comezaron a ver cousas. O home entrou no comedor cunha pomba, un sombreiro e un ramo de margaridas e comezón a facer cousas estranas. Metía no sombreiro a pomba e sacaba margaridas, un minuto despois metía as margaridas e sacaba dúas pombas.

Os rapaces non podían crer o que vían, sen pensalo correron e chamaron a porta, en canto o home lles abriu, todos case a berros, interrompéndose uns aos outros comezaron a dicirlle:

- Vimos o que fixo! É vostede un bruxo!

O home case escacha coa risa

- Anda, pasade. Xa vos vin como mirabas pola ventá. Chámome Merlín

e son Mago, veña que vos convido a merendar e a ver o meu novo número de maxia.


- A min dame un pouco de medo- comentou polo baixo Manu que sempre fora un pouco mexericas.

- Non teñas medo, oh! Xa verás como o pasas ben, se non che gusta cando queiras marchas.

- Vale.

Ao final non lle deu nada de medo, pareceulle un número marabilloso. O mago sacaba o inimaginable daquel sombreiro: pombas, moedas, monecas e ata matamoscas.

Despois do espectáculo disfrutaron dunha merenda monumental: empanada, xamón, melón, mazás, moras, marmelo, melocotóns, ... bueno, comeron todo o que lles apeteceu.



Todos estiveron dacordo en que Merlín era un veciño moi amable, o

home tamén pensou que aqueles rapaces merecían disfrutar da súa maxía e das súas merendas de cando en vez, así que os convidou a ir un martes de cada mes a súa mansión.

Por suposto, os meniños estiveron encantados e o primeiro martes de cada mes alí estaban sen falta.

E como din a nivel mundial


Este contó chegou ó final

N

OS NAIPES DA NAI DE NICO:

Era xa polo nadal. Os nosos investigadores Nacho e Ana estaban moi nerviosos aqueles días pensando na noite de noitevella, que se podían deitar tarde e o día de aninovo no que todos andaban medio durmindo.

Nesas estaban cando chamaron a porta, era a nai de Nico que estaba preocupada porque non atopaba os naipes por ningún sitio, e iso que tiña nove barallas. Nada, non aparecían.



Non se preocupe, nós ocupámonos de todo.

- Non e nada normal que desaparezan novel barallas. Por onde che parece que comecemos a investigación?

- Bueno, podemos buscar polas estancias da casa a ver se atopamos algunha pista.

Podemoslle decir a Nico que nos axude, poida que non teña nada que facer.

- Vale!

Chegaron a casa de Nico e preguntáronlle se lles quería axudar.

- Hola Nico, estamos investigando o caso da desaparición dos naipes da túa nai, quéresnos axudar?

- Quen, eu? Eh.. Eh... bueno, ... vale, pero non creo que aparezan, porque seguro que non están, o mellor perdeunas ela. - contestou Nico moi nervioso.

- Si oh, a ti. Que che pasa? Por que estás tan nervioso?

- Eu non ... non ... estou nervioso.

- Bueno, bueno, tranquilo. Por onde che parece que comecemos?

Ao final revisaron toda a casa pero os naipes non aparecían por ningún sitio, e Nico parecía cada vez máis nervioso e intranquilo.

Finalmente, ao non atopar nada na casa, Nacho propuxo buscar no xardín, pois xa non quedaban sitios onde buscar. Agora Nico si que se puxo nervioso de verdade.

- Non, no xardín non, alí seguro que non están. Por que ían estar alí? Non están porque seguro que as perdeu mamá, xa non temos que buscar máis, que tal se nos poñemos a xogar e on esquecemos dos naipes?

- Bueno Nico, xa está ben. A ver, que é o que che pasa. Non e normal que te poñas tan terco e non queiras axudarnos.

Finalmente Nico rendeuse e contoulles a verdade aos seus amigos.

- Vale, está ben! Cóntovolo. Veredes, fun eu quen escondeu os naipes de mamá. Agocheinos no xardín. E que na noiteboa todos os adultos sempre se poñen a xogar a partida cos naipes e os nenos non nos deixan xogar. Así que pensei que se non teñen baralla van ter que xogar connosco. Pensaba devolver os naipes ao seu sitio cando

rematara o nadal.

- Vaia, Nico, así que era iso. Mira o mellor será que lle devolvamos os naipes á túa nai para que non teña que mercar outros, non te preocupes porque este ano temos uns xogos fantásticos para divertirnos nós tamén.

Cando lle contaron a nai de Nico o que pasara, decidiu que esta noiteboa buscaría xogos nos que tamén poideran participar os nenos e así todo o mundo contento. Nico púxose moi contento.

Cando chegou o día de Noiteboa, a nai propuxo xogos para todos, pero despois de xogar unha partida, os nenos pensaron que o pasaban mellor xogando aos seus xogos, así que deixaron aos adultos cos seus naipes e eles xogaron a cousas máis divertidas como as naves espaciais, os navegantes, etc.

E natural, naturalmente,

O conto rematou finalmente.

O AÑO DE CARMIÑA:


Era finais do mes de xuño e os nosos investigadores acababan de comenar as vacacións de nadal. Aquela mañá estaban reunidos na casa de Sabeliña, xogaban a contar os soños que tiveran aquela noite.

De súpeto, alguén chamou a porta, era Carmiña, unha veciña que vivía preto da casa de Carliños. Parecía moi preocupada. Axiña, os investigadores convidaron a pasar á cociña e preguntáronlle que problema tiña.

- Veredes meniños, vós xa sabedes que eu teño moitos animais e que sempre os trato con moito cariño, verdade?

- Claro que o sabemos, todos coñecemos os teus animais Carmiña, pero, cal é o problema?

- Pois que hoxe pola mañá, cando lles fun dar de comer vin que faltaba un año, e non entendo como puido marchar se eu sempre os trato ben, queixouse Carmiña a piques de botar a chorar.




- Non te preocupes Carmiña, nós ímonos encargarnos de ver o que pasou co teu año, xa verás!

En canto Carmiña saíu da casa, os investigadores acompañados do cadelíño de Sabeliña emprenderon o camiño cara a casa de Carmiña para falar co resto dos animais e adiviñar o que pasara.

A primeira coa que faláron foi coa nai do año desaparecido, aloumiñárona un pouco para conseguir que falara pois estaba moi triste. Ela non sabía nada, so que pola mañá cando lle foi dar os bos días, o año xa non estaba.

A continuación foron ao galiñeiro para falar coas galiñas.



Contestoulles Maruxiña, pois era a portavoz do galiñeiro por ser a máis poñedora de todas. Despois de preguntar ás compañeiras, informou aos investigadores que aquela noite oíran que alguén saír da granxa, polo ruído parecía un animal pequeniño, pero non sabían nada máis.

Así seguiron preguntando a todos os animais, para conseguir máis datos, cando chegaron onda o gato levaron un bo susto, pois, como cando faltaba o can o nomeaban a el gardán da casa, case lles rabuña cando chegaron, tomaba o seu cargo moi en serio, pero despois de recoñecelos enseguida se mostrou disposto a axudar.

El sí que sabía onde estaba o año.

- Veredes meniños, o caso do año é moi sinxelo. Resulta que é sonámbulo, sabedes o que quere decir iso?

- Si, claro, que soña e se levanta.

- Si, máis ou menos. Pois ben, moitas noites este año levántase pola noite e vai durmir a corte do veciño, normalmente volve antes de que esperten o resto dos animais e ninguén se entera, pero esta vez non sei que pasaría, que aínda non volveu.

- Graciñás, don Miaño, foi vostede de moita axuda. Imos axiña a falar co veciño.

Estaban de camiño cara a casa do señor Valiña cando o viron ir cara eles cun año no colo.

- Non estaredes buscando este año verdade? Apareceu esta mañá na miña corte, ía a casa da Carmiña a preguntarlle se era dela.

- Si señor Valiña, xusto íamos a súa casa a buscalo. Moitas grazas por traelo, xa llo levamos a súa dona.

Cando a Carmiña viu aos rapaces volver co año púxose contenta coma unhas castañolas e para celebralo fixeron unha boa festa na granxa e decidiron que para non levar máis sustos coma ese sería mellor pechar a porta polas noites.

E coloradín coloradiño

O conto está rematadiño.


P

O PORCO NON QUERE PATACAS:

Pepe e Pili eran os investigadores que estaban de garda aquel día, como non tiñan ningún encargo, decidiron ir dar un paseo pola praia, pois estaba unha mañá estupenda para pasear.

Estaban a piques de sair da casa cando petaron a porta. Era Pedro, o pintor que vivía preto da casa de Pili que lles quería pedir axuda.

- Veredes, é polo meu porco, que últimamente está moi raro, xa sabedes que sempre foi moi bo comedor. Pois agora négase a comer patacas, co que a el lle gustaban. A ver se vós me podedes axudar a comprender o que lle pasa.



- Perda coidado, que nun plis plas nos poñemos a averiguar, Don Pedro.

- Bueno, adeus paseo pola praia. Vamos ver que lle pasa a este porco.

O mellor será que empezemos por preguntarlle aos demais animais da granxa se saben algo- propuxo Pili.

- Paréceme perfecto- aprobou Pepe.

Ó primeiro que atoparon foi ao parrulo que andaba algo despistado por alí.

- Hola rapaces, que vos trae pola nosa granxa?

- Hola, ti sabes por que o porco non quere comer patacas?

- Bueno, eu non sei nada, pero o que si vin e que ten algo agochado sempre con el, unha cousa pequena coma unha pelota, é todo o que vos podo contar.

Despois de despedirse do parrulo, falaron co resto dos compañeiros da granxa e todos coincidiron en que o porco estaba como preocupado e que agochaba algo pequeniño.

Os nenos decidiron que o mellor sería falar directamente co porco.

- Bos días, señor porco.

- Bos días pola mañá, respondeu o porco moi educado. que vos trae pola miña pocilga, rapaces?

- Verá, don Pedro está preocupado porque di que non se atopa vostede moi ben e non quere comer patacas, queremos averiguar o que lle pasa.

- Veredes, rapaces. A min de sempre me gustaron moito as patacas, ata que o outro día descubrín que as patacas son miñas parentes, como as vou comer? E pensar en todas as que levo papadas, aí que pena!


- Pero que di, Don Porco, como poden ser as patacas súas parentes, iso é imposible.

- Mirade para aquí, a ver se esta pataca non é pintada a un porco. E sacou do peto unha pataca con forma de porco. A verdade é que era pintadiña.

Si que se parece a un porco, pero é que as patacas as veces teñen formas raras, non é que sexa un porco de verdade. O outro día escoitei quen nun pobo de Portugal aparecera unha con forma de peixe, e en Polonia apareceu outra con forma de pipa, pero iso só son casualidades. En realidade só son patacas non as cousas que parecen, así que pode vostede seguir papando patacas a gusto que non son súas parentes.

- Pois quitádesme un peso de enriba. Pois xa lle podedes decir a Don Pedro que está todo solucionado, e se pode ser, que esta noite o porco quere patacas de cea.

- Non hai problema, seguro que don Pedro está encantado de poñerlle un bo pote de patacas.



Don Pedro quedou encantado co traballo dos rapaces e para agradecerlles a súa axuda regaloulles unha pirámide de pedras

preciosas e unha pelota de pel a cada un. Unha vez máis os investigadores fixeran un traballo estupendo.

E patatín patatán patatón

Este contó xa rematou

R


A PERA DE OURO:

Era un mércores polo serán e estaban de garda as detectives Sara e Nuria. Estaban ensaiando as cancións que ían cantar no coro, pero tiveron que abandonar os ensaios cando apareceu na porta o xerente da froitaría.

- Bos días queridas nenas, como estades?

- Moi ben Don Severino, quere que lle axudemos en algo?

- Veredes, non sei se vos enteraches, pero hai pouco déronme de premio a Pera de Ouro, polo ben que dirixo a froitaría. Eu estaba marabillado e todos os días me adicaba a mirala. Pois onte cando a fun buscar, xa non estaba. Xa non sei onde buscala.



- Non se preocupe vostede, que xa nos ocupamos de todo.

Decidiron que o mellor sería buscar a fondo por toda a casa, non fora ser que estivera tirada por algures. Revisaron toda a casa, miraron e remiraron pero a pera non apareceu. Decidiron entón que terían que preguntar traballadores da froitaría a ver se sabían algo, o primeiro foi Eric, que era o traballador máis veterano.

- Hola Eric, como estás?

- Bos días nenos, queredes mercar unhas laranxas, unhas cereixas, unhas peras? Mirade que ricas están.

- Pois non queremos nada, pero precisamente viñamos falar de peras. Ti sabes algo da pera de ouro do xerente?

- Síntovolo nenos, pero non teño nin idea de onde foi parar a pera de Don Severino, acabome de enterar porque estiven de vacacións, será mellor que lle preguntedes ás miñas compañeiras Lara e Loreto que estiveron traballando estes días.


Foron preguntarlle primeiro a Lara. En canto lle contaron o que lles perocupaba, Lara case escacha coa risa e contestoulles:

- Será mellor que lle preguntedes a Loreto, seguro que ela sabe algo. Ah preguntádelle tamén se sabe de que cor é unha pera madura. Ai Deus, que vou escachar coa risa!

Os rapaces non podían entender nada pero, aínda así, pensaron que sería mellor falar con Loreto a ver se ela sabía algo.

E aló foron.

En canto Loreto abriu a boca viron que tiña un burato nos dentes.



- Boas Loreto, viñamos preguntarche se sabías algo da pera de ouro

de Don Severino, pero que che pasou no dente?

- Veredes nenas, dáme un pouco de vergoña, pero vóuvolo contar. O outro día estabamos Lara e máis eu na froitaría e entroume algo de fame, así que decidín coller unha froita. Cando vin a pera tan dourada pensei que estaba moi madura, así que sen pensalo boteille o dente e, entón foi cando rompín o dente. Non era unha pera madura, era de ouro!

Ademais de romper o dente deixei unha marca del á pera, así que a levei a xoiaría para que a arranxen, pero mañá mesmo lla devolvo ao señor xerente.

Os rapaces non podían coa risa imaxinando a Loreto mordendo a pera de ouro, ao final non aguantaron máis e riron con ganas. Menos mal que Loreto sabía levar ben as bromas e non lle pareciu mal, ata ela se riu tamén ensinando o burato que tiña no sitio do dente.

E colorín colorado

Este contó está rematado.

R

UNHA CARTA DE CÓRDOBA:

Era martes pola tarde e estaban de garda os detectives Carlos e Marta, estaban pensando como facer para poder ir ao circo que ía vir ao pobo, pois os seus pais so lle deixaban ir se tiñan cartos aforrados. Tiñan parte pero non lles chegaba.

Pero tiveron que aparcar o asunto para outro momento porque chegou a porta o seu veciño Don Bartolomé.

- Bos días rapaces, a ver se vós me podedes axudar a aclarar un asunto que me ten algo preocupado. Veredes desde o mes de marzo o carteiro déixame todos os mércares unha carta, que ven de Córdoba, pero eu non coñezo a ninguén alí, por iso non entendo porque me escriben.

- E di que a carta vai dirixida a vostede?



- Si, aquí nesta o podedes ver: Bartolomé Gordillo, Parque de Santa Margarida sen número.

Con estes datos os rapaces puxéronse a investigar. O primeiro foi interrogar aos veciños a ver se sabían algo.

A casa máis cercana á de Don Bartolomé, era a de Dona Herminia. A muller foi moi cortés con eles e convidounos a merendar pero non lles puido axudar porque non sabía de quen podía ser a carta.

Despois de percorrer medio barrio seguían sen saber nada, algúns diciánlle que non lle desen importancia, porque ao mellor era dalguen que non tiña nada que facer e divertíase mandando cartas por ahí; outros dicían que a ver se ía a estar mal a dirección, pero a verdade é que ninguén acertou a dicirlles de quen podía ser a devandita carta.

Por fin chegaron xa a última casa do barrio, na que levaba uns meses vivindo un veciño que aínda non coñecían.

- Bos días señor, somos detectives e estamos investigando o caso dunhas cartas que recibe un veciño por erro, porque el di que non coñece a ninguén en Córdoba.

- Por favor, pasade. Por certo eu chámome Bartolomé Gordillo.

- Queeeeeee?- casi berraron a vez Carlos e Marta. Pero entón vostede é o Bartolomé Gordillo que debería recibir as cartas. Coñece vostede a alguén en Córdoba?

- Que cartas? Si que coñezo, o meu irmán vive en Córdoba e levo meses sen recibir cartas del.

- Claro, porque o señor carteiro estalle levando as súas cartas a outro veciño que tamén vive na rúa do parque e que se chama igual ca vostede.

Unha vez máis os nosos detectives conseguiran resolver o caso. Para agradecerlle a súa axuda o señor Bartolomé regaloulles unhas entradas para o circo, pois sabía ben que tiñan unhas ganas enormes de ir.



Tamen o novo veciño, ao que chamarón Don Bartolomé o de Córdoba para diferencialo do outro, quixo agradecerlles por resolver o caso

das cartas perdidas e convidounos a un almorzo na súa casa. Houbo comida a fartar: carne, verduras, marmelo, de todo.

As cousas non podían saír mellor.

E como din en Arteixo

Apartate que non vexo.

RR

DON CURRIÑO E DON ROSMÓN:

Era vennes e estaban de garda os detectives Ramón e Rocio. Como non tiñan encargo ningún, para pasar o tempo Ramón colleu un libro de relatos.

- Queres que che lea un en alto?

- Si, claro- contestou Rocio rapidamente.

- Vale, pois vouche ler o conto de Don Curriño e Don Rosmón, que di así:


Había unha vez un parrulo que se chamada Don Curriño.

Era sin dúbida, o parrulo máis raro do regato onde vivía.

Que por que era raro? Pois verás, este parrulo en vez de relaxarse nadando polo regato, como os seus compañeiros, adicábase a facer cancións coas cousas que lle oía contar á xente que pasaba polos arredores do regato. As veces as cancións resultaban moi graciosas e todos se rían moito con el.

Tiña ademais o costume de recoller co seu pico todas as flores que caían no regato, facía un bonito ramo con elas e cada día regaláballas a un parrulo ou parrula que estivese triste ou aburrido, así sempre

Ile alegraba o día a alguén.




Outra das súas rarezas consistía en que cada venres para cear, poñía un traxe marrón, adornaba a súa mesa cun mantel rosa e un ramillete de margaridas e cociñaba un riquísimo arroz con berros e repolo e invitaba aos veciños a cear con el, incluso aos máis rosmóns, dicía que era para celebrar que xa chegaba a fin de semana.

Como podedes imaxinar, toda a comunidade de parrulos do regato estaba encantada de ter de veciño a Don Curriño e querían moito, bueno, todos agás un: o parrulo Don Rosmón que como te podes imaxinar, non era un parrulo moi fácil de tratar: todo lle molestaba, especialmente o que facía Don Curriño; que se facía moito ruído cando cantaba, que porqué tiña que andar recollendo as flores, que porqué tiña que andar invitando a cear a todo o mundo; en fin, que non

había forma de telo contento nin de que deixase de rosmar.

Pero Don Curriño, que era moi listo deuse conta de que o que lle pasaba a Don Rosmón era que estaba un pouco celoso porque lle parecía que a el non o querían tanto como a Don Curriño, o cal era mentira porque neste regato todo o mundo quería a todo o mundo tal como era.

Para que Don Rosmón se sentira mellor, Don Curriño decidiu regalarlle a el todas as flores que recollera durante unha semana, adicarlle as cancións que inventaba e, ademais, nomealo invitado de honra na súa rica cea do venres.



Ao principio, Don Rosmón non aceptaba todas estas mostras de amizade de moi boa gana, pero pouco a pouco tivo que ir recoñecendo que Don Curriño era moi bo con el e ao rematar a semana xa eran os

mellores amigos do regato.

Aínda que todos o querían tal e como era, a verdade é que estiveron encantados de que rira un pouco máis e rosmara un pouco menos.

E redondín, redondón

Este conto rematou.


S

SUSANA E O SEU OSIÑO:

Era un caluroso sábado do mes de agosto e estaban de garda os detectives Santi e Suso, o máis pequeno dos detectives, que só tiña seis anos. Como non tiñan ningún encargo, Suso pediulle a Santi que lle contase un conto.

- Está ben, vouche contar o conto de Susaniña, ahí vai:

Susana era unha nena moi sociable e moi sensible. Sempre andaba cun osiño de peluche moi suave que non deixaba nin para asearse. O osiño chamábase Suso, tiña unha cara moi simpática e ía vestido cunha saia de seda e un xerse de raias rosas e grises.



A miúdo os amigos de Susana, Santi e Sabeliña, pedíanlle a Susana que lles deixase o osiño para pasealo, asealo ou só para sentar un pouco con el, pois víana tan contenta con el que pensaban que ese oso

debía ter algo especial; pero Susana sempre se negaba, pois non quería separarse del.

Así, os seus amigos foron deixando de insistir e esqueceronse do oso, seguiron cos seus xogos sen darlle máis importancia, total non importaba, eles tamén o pasaban moi ben e tamén tiñan os seus propios bonecos, así que non precisaban que Susana lles deixase o seu oso.



Susana, foi deixando de participar nos xogos porque na maioría non podía andar co oso na man para participar, así que pasaba cada vez máis tempo co seu oso e menos cos seus amigos.

Un día deuse conta de que se empezaba a aburrir de facer sempre o mesmo e ademais os seus amigos parecían divertirse moito xogando a cousas distintas cada día: as casiñas, á busca do tesouro, ... así que decidiu que fixera mal querendo ter o oso para ela soa en vez de compartilo con eles.

Aínda que lle custou un pouco, foi a xunta os seus amigos e pediulles perdón e se podía volver a xogar con eles. Os seus amigos estiveron encantados de que Susana volvera xogar con eles, pois era moito máis divertido xogar tres ca dous, así que de seguida a aceptaron.

Aínda que Susana lle seguía tendo moito cariño ao seu oso, desde aquel día usábao so de vez en cando, sobre todo para durmir, aínda que xa estaba disposta a compartilo cos seus amigos, non fixo falta, pois eles tamén tiñan os seus propios osos que eran tan especiais como o de Susana.

E saborete saboroso
acabou o conto do oso.

T

O TORNEO DE TENIS

Aquel día todos os investigadores estaban na casa de Toñito vendo a

tele. Nese momento chegou o Tino, o tendeiro, tocou a porta e os rapaces convidaron a pasar.

- Diante Tino, que che pasou?


- Bos días rapaces. Tranquilos, non pasou nada. Tomade, trouxenvos unhas tortiñas que xa sei que vos gustan. Ademais queríavos dar unhas entradas para o torneo de tenis que hai mañá pola tarde, espero que poidades vir.

- Moitas grazas Tino, claro que iremos, alí estaremos para animarte. Ao día seguinte os rapaces estaban todos sentados na terceira fila para animar ao seu amigo. Pero xa se achegaba a hora do partido e Tino non chegaba.

- Que raro, como pode ser que Tino non chegue? co ilusionado que se vía onte. Tívolle que pasar algo, isto é moi raro. Vamos a súa tenda a ver se está alí.

Na tenda viron a Tino sentado cunha tartaruga na man.

- Hola rapaces, grazas por vir. A miña tartaruga está con un ataque de tos e non a podo deixar soa, así non podo ir xogar.



- Non te preocupes, se queres nós lévamola ve-lo partido e coidámola.

- Moitas grazas, non sabedes canto volo agradezo.

E alá se foron todos correndo ao partido, chegaron polos pelos, xa estaban a punto de suspendelo por faltar un dos participantes. Tino explicou o que lle pasara e desculpouse.

Foi un partido moi emocionante, os dous xogadores tiñan moitas ganas de gañar.

O público animaba con cancións, os seguidores de Tino cantaban unha canción que dicía así:

"Tino, Tino, Tino,
Non come langostino".

Os seguidores do outro tenista, Toño, cantaban así:

"Toño, Toño, Toño,
Coa raqueta fai o moño"

O partido estaba emocionantísimo, non se sabía para quen ía ser o tanto seguinte.

Ao final foi Tino quen gañou por un tanto, estaba moi contento pero tamén estaba algo preocupado pola súa tartaruga así que tan pronto rematou o partido, achegouse a onde estaban os rapaces coidando dela.

A tartaruga estaba moi ben. Tiña tose porque tragara un pouco de tortilla, pero despois de escupila estaba perfectamente.

Contento polo resultado do partido e, sobre todo porque a súa querida tartaruga estaba ben, Tino convidou aos rapaces a unha merenda na súa tenda. Tomaron tortas, tortilla e torradas e viro a tele. Foi unha tarde moi entretenida.

E tararí tarará

O contó rematado está.

X


ONDE ESTÁ O XAMÓN.

Era xoves, estaban Xavier e Xoana xogando no xardín cunhas caixas de cartón. De súpeto, chegou onda eles Don Xoán.

- Rapaces, é urxente, ténedesme que axudar!

- Que lle pasa, Don Xoán, en que lle podemos axudar?

- Ai nenos, o meu xamón xa non está. Deixeiño onte nunha caixa no garaxe e hoxe cando o fun buscar para comer un pouco xa non estaba. Ténedesme que axudar.



- Claro que si, de seguida nos poñemos a investigar, perda coidado!
En canto marchou Don Xoán, os rapaces deixaron o xogo e puxéronse ó traballo.

Para comezar foron preguntarlle aos xemelgos que estaban comendo

cereixas no xardín.

- Hola rapaces, estamos investigando quen levou o xamón o Don Xoán, vós vistes algo?

- Pois hoxe pola mañá vimos que estaba a xanela aberta e iso é raro porque onte estaba pechada.


- Vamos ver se hai algún resto, moitas grazas xemelgos.

Polo chan viron que había restos de toxos, e pisadas como as do porco, así que se dirixiron axiña ao cortello de Xeremías, o porco da granxa.

- Eu non fun, xúrovoló!

- Tranquilo oh, xa vemos que non, porque as pegadas son de pés máis grandes ca os teus.

- Pois entón, penso que xa sei quen puido ser. O xabarín que vive entre os toxos.



- Claro, o xabarín, como non se nos ocorreu! Moitas grazas Xeremías, imos a ver se o descubrimos.

Sen perder un minuto máis, foron a preguntarlle ao xabarín se fora el.


- Ai rapaces- contestou o xabarín case a piques de chorar- tendesme que perdoar, e que este ano entre que non choveu e as xiadas case non hai vexetais para comer, por iso fun buscar comida polas granxas. Tomade, aquí tendes o xamón, nin siquera o probei.

Os rapaces colleron o xamón pero sentiron pena do pobre xabarín, así

que fixeron un trato co granxeiro.

- Que lle parece, se cada día lle deixa algunha berza ou algo de herba que lle sobre do xantar das vacas aquí fóra para que o xabarín poida comer mentras non hai máis herba no monte.

- Rapaces, sodes xeniais. - respondeu Don Xoán- hoxe mesmo comezo a deixarlle comida ao pobre xabarín. Moitas grazas, tomade esta caixa de agasallo para vós por facer un traballo tan bo.



Cando os rapaces abriron a caixa, puxéronse contentísimos, había xeados para todos, un xerra de laranxada, cereixas e pexegos. Eso si, non o comeron todo dunha sentada porque xa sabedes que eso non é bo para a nosa barriga, repartiron as lambetadas para varios días.

E como dí Don Xaquín
Esto xa chegou á fin.

C/Z

OS ZAPATOS DE CECILIA:

Era un día do mes de marzo, debían ser sobre as cinco da tarde e

estaban de garda Azucena e Zoilo. Xa remataran de facer os deberes de coñecemento e estaban decidindo a que ían xogar ata a hora da cea, pero non lles deu tempo porque chamaron á porta.

Era a veciña, Celia. Parecía bastante preocupada.


- Ola rapaces, que facedes, estades ocupados?

- Non Dona Celia, acabamos de cerrar as libretas de coñecemento hai cinco minutos, podemos facer algo por vostede?

- Si grazas. Veredes, o outro dia fun á cidade e merquei no centro comercial uns zapatos azuis preciosos para poñer na cerimonia do bautizo do meu sobriño Vicente. Pois a noite pasada, deixéinos despois de cear fora da porta para que se refrescaran un pouco. Hoxe cando fun buscalos, desapareceran e, no seu sitio, estaban estes zapatos brancos, que se parecen pero non son os meus, porque os meus eran azuis cun lazo tamén azul.

- Tranquilícese dona Cecilia, agora mesmo comezamos a investigar o caso dos seus zapatos, en canto saibamos algo xa llo dicimos.

- Moitas grazas, rapaces. Eses zapatos azuis son especiais.



En canto marchou Dona Cecilia, comenzaron a facer preguntas aos veciños:

O carniceiro non vira nada especial.

Don Celeste estivera de vacacións e acababa de chegar facía cinco minutos.

Don Cirilio e dona Celestina, foran cear fóra e non viron nada, pero estranáronse de que Dona Cecilia deixase uns zapatos fóra da porta unha noite de chuvia.

O dato da chuvia fixo pensar aos rapaces que decidiron ir a onda Dona Cecilia.

- Dona Cecilia, precisamos ver outra vez os zapatos que apareceron en vez dos seus e o sitio onde os deixou.

Dona Cecilia deixou o que estaba facendo na cociña, foi buscar os zapatos e acompañou aos rapaces ao sitio da acera no que puxera os zapatos.

No sitio había un rastro de cor azul.

- Verá, Dona Cecilia, a verdade é que os seus zapatos non desapareceron, son estes que ten vostede na man. O que pasa e que son zapatos tinguidos e, como esa noite choveu, os zapatos destiñiron como pode ver polo rastro azul que deixaron na acera.

- Canta razón tedes nenos, desde logo facedes un traballo de cine, moitas grazas. Tomade estas cereixas e estas entradas para o cine. Unha vez máis os nenos volveron a casa contentos do traballo que facían, xa era hora da cea que, por certo, estaba deliciosa.

E zapatín zapatón

Este contó rematou.

BL/PL

QUEN RAIUO O MOBLE DO SALÓN?:

Pablo e Blanca estaban xogando a que eran habitantes doutro planeta. Blanca era unha habitante de Plutón e Pablo viña dun planeta invisible. Os planetas estaban feitos de plastilina e plástico e pasábano de marabilla. De súpeto interrompeunos a nai de Blanca moi enfadada.


- Rapaces!, quen raiou o moble do salón?

- Mamá, é imposible que fomos nós porque nin sequera estivemos no salón.


- Tedes razón, perdoade. A ver se podedes descubrir quen foi o culpable, nenos. Non sabedes que pena teño, aínda veu onte da moblería. Isto é terrible.

Os rapaces deixaron aplazado o xogo o puxéronse a trazar un plan para atopar ao culpable.

O primeiro que fixeron foi buscar pistas pola casa, mirando entre as plantas, entre cables, buscaron tanto que ata atoparon unha blusa vella que había tempo que perdera Blanca. Viron que o moble aínda estaba cuberto co plástico da moblería e tiña unha raia no medio que ía de arriba cara baixo, parecía como dunha unlla.



Primero foron ao galiñeiro, xa que pensaron que como as galiñas teñen plumaxe, algunha delas pudiera raiar o moble cunha pluma. Pero as galiñas nin siquiera sabían que había un moble novo na casa. Vale, parece que dicides a verdade, pero non seredes complices do que raiou o moble, verdade?



- Pois claro que non, - responderon as galiñas bastante ofendidas- e terrible que pensedes iso de nós.

Despois de desculpase os rapaces seguiron buscando ao culpable, sen moito éxito ata que, de súpeto, viron ao gato da casa, Sable, que parecía que se quería agochar. Sen pensalo dirixíronse a él.

- Oes, ti non saberás quen raiou o moble do salón?

- Vale, rapaces, confeso, fun eu. Pero foi sin querer. Veredes e que estaba subido enriba do moble botando unha sesta, para probalo, xa sabedes, pero de supeto comecei a esbarar polo plástico abaixo e, claro, tivenme que agarrar forte coas garras para non caer ao chan coma un cesto, así que por onde me agarrei rompeu o plástico e raiei o moble. Xa vedes que foi sen querer.

Resolto o caso, os rapaces contaronlle a nai de Blanca o que pasara. Para recompensalos polo seu traballo a nai preparoulles un delicioso zume de plátano, regaloulles unha placa de platino aos mellores investigadores do mundo e deixounos xogar coa plastilina o resto da tarde. Foi un día formidable.

E como di aquela copla

A min ninguén me sopla.

BR/PR

O LIBRO DE BRUNO:

Aquel día estaban de garda os investigadores Breixo e Preci. Como non tiñan encargos estaban brincando coma se foran cabras ou

cabritos. Estaban nestas cando, sen preguntar nin nada entrou de forma brusca Bruno, o primo de Breixo, todo cabreado.

- Perdoade que entre así coma un bruto, pero estou tan cabreado.

- A ver oh, que che pasou?- preguntou Breixo.

- Veredes, vós xa sabedes que eu sempre ando co meu libro de preguntas debaixo do brazo, porque me gusta moito saber cousas e nel atopo a resposta a todas as preguntas que se me ocorren.

- Claro que o sabemos, creo que é a primeira vez que te vexo sin o libro, que lle pasou?




- Pois iso e o que eu non sei, onte deixei no seu sitio, no primeiro estante da librería do salón, igual ca sempre. Pois hoxe, cando o fun buscar ás tres da tarde, xa non estaba no seu sitio. Estou moi preocupado.

Os rapaces prometéronlle que eles se ían encargar de descubrir quen collera o seu libro e que moi pronto podería volver a disfrutar del. Así que o primo marchou un pouco máis tranquilo.

Despois de buscar por toda a casa, comprenderon que non estaba en ningures, que tiñan que preguntar a ver se alguén vira algo.

O primero que fixeron foi preguntarlle á súa irmá maior.



- Hola, estamos buscando o libro branco do teu irmán, ti sabes por onde poderá estar?

- Ai si,- dixo a irmá con moito misterio- esta noite, sobre as tres da madrugada de repente empezou a brillar unha luz moi preto da

librería, o próximo que vin foi unha bruxa que levaba un sombreiro de prata e un broche brillante. A bruxa dirixiuse a librería e levou o libro branco de Bruno.

Os rapaces quedaron abraiados co que escoitaban.

- Pero, pero,.. Que dis? Como que entrou unha bruxa? Que medo!

A irmá case escacha coa risa coas caras que tiñan os pobres investigadores.

- Que é broma, parvos. Estabavos tomando o pelo. Síntoo pero eu non vin nada. anda deixádeme que teño que ir comprar uns produtos.

Os rapaces despois de recuperarse do susto, decidiron que sería mellor seguir preguntando, así que foron xunta o irmá pequeno.

- Ola Brais, dixo Preci, podemosche preguntar unha cousiña?

- Claro, pasade, dixo Brais un pouco nervioso, que queredes saber?

- Ti sabes que desapareceu o libro branco das preguntas do teu irmán Bruno. Non saberás nada del?

- Vale rapaces, confeso, fun eu. É que llo collín porque quería saber a resposta a unha pregunta que se me ocorreu sobre os nobres. Como Breixo nunca mo presta, decidín collelo da librería, pero pensaba devolve-lo pronto, aquí o tedes.

- Non te preocupes Brais, xa falamos nós con teu irmán para que cho deixe algunha vez.

Cando lle explicaron a Bruno o que pasara, púxose moi contento de recuperar o seu libro preferido, pero tamén se decatou de que era algo egoísta, xa que nunca llo deixaba a ninguén, así que lle prometeu a Brais que cando tivera algunha pregunta non tiña máis que pedirlle o libro porque llo ía deixar.

Unha vez máis os nosos investigadores fixeran un traballo brillante.

E como non son preguiceiro

Eu acabei de primeiro.

CL/GL

O CLIP DE DONA CLEMENTINA:

Era un luns claro e soleado, o clima estíbese portando ben. As investigadoras Clara e Claudia estaban sentadas practicando unha


nova melodía co seu clarinete en clave de sol que lle enseñanan na clase de música.

De súpeto, apareceu na porta unha clienta, era Dona Clementina.

- Bos días nenas, estades vós de garda hoxe?

- Pois si, Dona Clementina. Podemos axudarlle en algo?

- Claro que sí, a ver que vos explico. Xa sabedes que eu teño un clip que sempre levo conmigo porque me da sorte. Pois desde onte, non sei onde está, perdino.



- Pero Dona Clara, perdiu vostede un clip destes de clasificar as follas? Non se preocupe, se quere doulle eu un dos meus, que me deron moitos na clase.

- Non muller, se non é polo seu valor, xa sei que un clip é moi barato,

pero é que este é especial porque é o "meu clip da sorte", entendes?

- Ah vale, pero, digo eu ... ese clip é máxico ou algo?

- Bueno, eu non sei se é máxico pero a min dáme sorte e queroo recuperar, se non me axudades vós voulle pedir axuda ao clan clandestino de investigadores que están na rúa do lado.

- Bueno, Dona Clementina, non se preocupe que nós intentaremos axudarlle. Cóntenos, cando viu vostede o clip por última vez.

- Vino onte, cando volví do club de escoitar música clásica abrin o meu moedeiro para ver se tiña solto para o bus e , entón vin que o clip xa non estaba alí.

Con estes datos os rapaces de seguida se puxeron a investigar. O primeiro foi ir a preguntar a clínica onde traballaba Dona Clementina a ver se alguén o vira tirado. Contestoulles un compañeiro do traballo, Clemente, en canto acabou de atender ao cliente co que estaba.

- Esta muller é un caso, anda obsesionada con ese clip. Síntoo rapaces pero eu non o vin por ningures, preguntédelle a Don Clodio, que é o que se encarga de varrer e fregar a clínica, ao mellor el viuño cando

limpaba.

Pero don Clodio tampoco vira nada.

- De todas maneiras, extráname ben que o perdera,- dixo Don Clodio- se non o perde de vista nin para durmir.

Os rapaces tamén pensaron que era bastante raro que o perdera, así que se lles ocorreu unha idea e foron a ver a Dona Clementina.

- Dona Clementina, podenos deixar ver o moedeiro onde garda o clip?

- Claro, aquí tendes, xa vedes que non está.

Claudia, revisou o moedeiro e, efectivamente, como ela pensara, descubriu que tiña un burato no forro. O clip estaba metido entre a pel do moedeiro e o forro. Sacouno e devolveullo a Dona Clementina.

- Desde logo, sodes uns investigadores boísimos, merecedes a gloria, pero, sabedes que? Deime conta de que ando demasiado obsesionada con ese clip, así que volo vou regalar a vós para que vós para que vos dea sorte. Tomade tamén este ramo de gladiolos para adornar o despacho e uns globos para xogares.

Os rapaces quedaron moi contentos, cos agasallos, pero sobre todo porque Dona Clementina xa non tiña aquela obsesión co dichoso clip.

E clarín clarinete

Acabei coma un foguete.

CR/GR

A GRAVATA DO SEÑOR GRACIA:


Aquel día estaban de garda as investigadoras Cristina e Cristian. Estaban tratando de facer un crebacabezas que tiña o debuxo dunha

cría de crocodilo cruzando unha gruta. Estáballes dando bastante traballo.

Non tiveron tempo de rematalo porque alguén chamou a porta, era o criado do señor Gracia, un veciño que vivía preto deles.

- Bos días rapaces, mándame o meu xefe, o señor Gracia, para ver se lle podedes axudar. Veredes, mañá ten unha festa importante na casa do crego e tiña unha gravata para a ocasión, pero, cando hoxe fun buscar a roupa ao armario para lla preparar, a gravata non estaba.

- Pois non te preocupes que de seguida nos poñemos a investigar. Dinos, como era a gravata?



- Era unha gravata granate con debuxos de cravos pequeniños, era para combinar cun traxe gris que ten.

O primeiro que fixeron as detectives foi buscar por toda a casa para ver se a vían por algures, pero nada, non había nin rastro da gravata así que decidiron preguntar aos animais da casa que sempre son os

que se enteran de todo.

O primeiro ao que interrogaron foi á ra que levaba anos no estanque pero que non sabía case falar, así que croando como puido díxolles:

- Podedeslle preguntar ás crias da grila porque elas sempre están na casa. Eso sí, non lle preguntedes ao can porque el seguro que non sabe nada.

As nenas agradeceronlle a súa axuda e foron onda as crías da grila.

As griliñas aínda non aprenderan a falar moi ben pero dixéronlle.

- É mellor que lle preguntedes ao loro, aínda que é un pouco groseiro, xa vos avisamos. Eso sí, ao can non lle preguntedes porque seguro que non sabe nada.

As nenas deron as grazas unha vez máis e dirixíronse a falar co loro groseiro.

- Que queredes, cretinos?- preguntou o loro con moi malos modos.

- Vaia, si que era verdade o de que es algo groseiro, respondeu

Cristina inmediatamente- verás, andamos buscando a gravata do señor Gracia. Ti sabes algo?

- Eu non sei nada, seguíde buscando por ahí, aínda que o levades cru, non creo que a atopedes. Eso sí, ao can non lle preguntedes porque el seguro que non sabe nada.

A pesar dos malos modos do loro, as nenas déronlle as grazas pola información, pois elas si que eran correctas e educadas.


- Non che parece raro que todo o mundo insista en que non lle preguntemos ao can? A min dáme que estas criaturas teñen un segredo.

E verdade, vamos falar co can.

Estaban chegando á caseta do can cando de súpeto viron algo que non podían crer.

Todos os animais estaban celebrando unha especie de festa, ao achegarse máis viron que era unha voda. O galo levaba unha sotana granate e facía de crego. Diante del estaban os noivos moi emocionados e, sabes quen se casaba? O can da casa coa cadela do veciño. Ao chegar a onda eles viron que o can levaba posta a gravata

do señor Gracia. Agora entendían porque os animais os intentaban despistar.



Cando viu que o descubriran, o can confesou que só a collera prestada aquel día, pois el non tiña gravata e quería estar elegante para a súa voda, pero pensaba devolvela nada máis rematar o banquete.

Cando as nenas lle contaron ao señor Gracia o que pasara coa súa gravata, pareceulle tan gracioso que lle regalou a súa gravata ao can e ademais el mesmo se encargou de facerlles unha boa festa de voda, con croquetas, cremas, grelos, grosellas ... de todo.

Por suposto as investigadoras tamén estiveron invitadas, pasaron de

marabilla.

E como din en Crecente

Rematamos finalmente.

DR/TR

O TRICICLO DE QUEN É?

Aquel día era martes e trece, os investigadores Pedro e Patricia estaban de garda. Pedro estaba algo intranquilo porque dicía que o martes e trece daba mala sorte, pero a Patricia todo iso parecíanlle bobadas e trataba de tranquilizalo.

Nese momento alguén chamou a porta traseira. Pedro comezou a tremer coma unha vara.

- Ai, a ver se vai ser algún trasno. Parece que o fan adrede, non abras, estamos ben aquí dentro.

- Boh, ti si que es trasno. Non sexas trapalleiro, será alguén que nos necesita. Vou abrir.- respondeu Patricia dirixíndose xa a entrada para ver se abría ou era alguén estrano.

Era o padriño de Pedro, un madrileño que levaba xa tres anos vivindo no pobo.

- Bos días rapaces, como andades?

- Bueno, o teu afillado olgo intranquilo porque é martes e trece, eu ben.- contestou Patricia.

- Boh, deixa de contar trolas, eu estou moi tranquila.- replicou Pedro algo avergoñado pois non quería que seu padriño pensara que era un mexericas.

- Moi ben, pois eu viña pedirvos axuda. Veredes, hai tres días merqueille un triciclo para o meu fillo pequeno para darllo polo seu aniversario, que é dentro de catro días, o trinta de novembro. O caso

é que o deixei gardado na cuadra para que non o vira, pero hoxe cando o fun buscar xa non estaba.

- Perda coidado padriño, que de seguida nos poñemos ao traballo.

Puxeron os seus traxes de detectives sen perder máis tempo saíron para encontrar pistas. O primeiro foi buscar por toda a casa, pero alí non había triciclo nin rastro del, así que decidiron preguntar aos animais que sempre se enteran de todo.

En primeiro lugar preguntaronlle ás galiñas que estaban comendo trigo dentro do galiñeiro porque estaba caendo unha boa treboada e non querían coller un trancazo. Atendeunos "Trina" a portavoz do galiñeiro.

- Ponnos moi tristes e parécenos unha traxedia que desaparecera o triciclo do rapaz.- dixo moi solemne, como a ela lle gustaba falar para parecer importante.- trataremos de estar atentas por se vemos algo.

- Moitas grazas.- contestou Pedro.

- Esta galiña é ben teatreira, non che parece?- díxolle Patricia a Pedro cando xa se alonxaban.

- Bah, déixaa, no fondo é unha boa galiña, o que pasa e que lle gusta dramatizar. Vamos ver se na cuadra saben algo.

En canto entraron na cuadra, non podían crer o que vían. Un dos cans da casa "Tris" ía montado no triciclo correndo pola cuadra mentras que os demais cans e os catro gatos esperaban tranquilamente o seu turno.

- Así que fuches vós os que roubastes o triciclo do fillo do meu padriño.- Acusounos Pedro.

O can que ía conducindo o triciclo freou en seco.

- Pero, que dis. Este triciclo é noso, deixóunolo o padriño na cuadra envolto en papel de regalo, a que sí compañeiros?

- Vaia! Parece que houbo un malentendido, veredes, ese triciclo non era para vós, era para o fillo do padriño. O que pasa e que o trouxo á cuadra para que non o atopara antes do día do seu aniversario.


- Oh, vale.- contestaron os animais moi tristes, xa vemos que nos trabucamos, aquí tendes o triciclo. A próxima vez a ver se non trae

os regalos do fillo a cuadra, que isto non é unha droguería.

Os rapaces marcharon algo trastornados co triciclo, sentíanse como se traizoaran aos animais pero tiñan que cumprir co seu traballo.

Cando lle contaron ao padriño o que pasara, este viu que os pobres animais non tiñan culpa, así que decidiu deixar que quedaran co triciclo e mercoulle outro ao seu fillo.

Aos investigadores pola súa labor regaloulles un tren, un dromedario e ... para que Pedro non volvera a ter medo do martes e trece, un trevo de catro follas.



E como din en San Estevo
Rematou o contó do trevo.

FR

A FRAUTA NON ESTÁ NO COFRE:


Era unha mañá fresquiña do mes de agosto, aquel día estaban de garda as detectives Fran e Alfredo. Estaban xogando a que eran exploradores perdidos por África e buscaban frambuesas para comer.

Interrompeu o seu xogo o seu veciño, o señor Franco que chamou a porta.

- Pase, señor Franco, podemos ofrecerlle algo, unha froita, uns

gofres?

- Non grazas rapaces, véñovos pedir axuda. Xa sabedes que me gusta moito a música así que de cando en vez poño o frac e toco a frauta para os meus animais. Pois onte cando lles quixen ofrecer un pequeno concerto, fun buscar a frauta e resulta que non estaba no cofre onde a gardo sempre, debeuna coller algún cafre.



- Non sofra señor Franco, poñémonos a investigar de seguida, que como dí o refrán: a quen madruga deus lle axuda.

Comenzaron a investigación interrogando ao can, que tiña a caseta na fronte da casa. Estaba durmendo co fuciño fruncido e non lle gustou moito que o interrompesen mentras durmía á fresca pero aínda así contestoulles.

- A ver eu non sei nada, pero seguro que ninguén a roubou.

Os nenos seguiron preguntando pero ningún animal lles ofrecía respostas, xa estaban algo desesperados cando, detrás da saba de franela do gato viron a fruta agochada.

- Veredes rapaces, non pensedes mal. Non roubei a fruta, o que pasa é que o señor Franco sempre nos da concertos e para agradecerllo estaba practicando para poder ofrecerlle un concerto a el tamén.

Cando lle contaron ao señor Franco o que pasara, el quedou moi contento por recuperar a súa fruta pero sobre todo por ter uns animais tan agradecidos.

Así que decidiu ofrecer unha gran festa para que o gato dera o seu concerto de fruta, despois de escoitalo todos quedaron a merendar e había de todo: refrescos, frambuesas, gofres, fresas, ovos fritos e todo tipo de froita.

E como parece que fai fresco

Eu vou tomar un refresco.

